

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 5 DE AGOSTO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

## **ACORDOS**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Mondariz-Balneario para a optimización e mellora integral das instalacións deportivas municipais existentes na avenida Enrique Peinador para uso de turismo deportivo sostible, por importe total de catrocentos oitenta e tres mil seiscientos trinta e sete euros (483.637,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, das obras de rehabilitación do edificio dos xulgados situados na rúa Lalín (Vigo) para asociacións e entidades sociais da cidade de Vigo, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adjudicación e tramitación ordinaria, polo importe de licitación de dezanove millóns trescentos noventa e catro mil douscentos tres euros con dezasete céntimos (19.394.203,17 €), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de dezaseis millóns vinte e oito mil douscentos sesenta e sete euros con oito céntimos (16.028.267,08 €).

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

- Acordo polo que se toma razón da aprobación do programa operativo do Plan galego de cartografía e información xeográfica para o ano 2024

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Auga de Ourense 2024-2027, por un importe total de tres millóns douscentos cincuenta e seis mil oitocentos cincuenta euros (3.256.850,00 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE), para a prestación de servizos educativos ao alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave para o curso escolar 2024/25, por un importe de trescentos corenta e un mil cento setenta e cinco euros con sete céntimos (341.175,07 €).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual que se deriva do acordo entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as organizacións empresariais e sindicais do ensino privado concertado de Galicia sobre as condicións da xubilación parcial do profesorado en pago delegado no curso 2024/2025 e seguintes, por un importe de cinco millóns corenta e tres mil seiscentos vinte e un euros con oitenta céntimos de euro (5.043.621,80€).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual, a superación do límite do 80 % do importe conxunto dos pagamentos á conta e a exención de presentación de garantías polo importe dos pagamentos á conta establecidos, na Orde da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do SUG en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2024, por un importe total dun millón oitocentos noventa mil euros (1.890.000,00 €).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na orde pola que se modifica a Orde do 23 de setembro de 2022 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de impulso de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil con novas prazas de titularidade pública, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Total: trinta e catro millóns cento un mil cincocentos nove euros con cinco céntimos (34.101.509,05 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido na normativa de subvencións de Galicia, na orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2024/25 e se procede á súa convocatoria (código de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

procedemento BS420D). Importe total: sete millóns setecentos trece mil catrocentos euros (7.713.400,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ribadeo para o financiamento das obras de reforma do antigo Hospital Asilo municipal para a súa adecuación como centro residencial para persoas maiores do Concello de Ribadeo. Importe total: setecentos mil euros (700.000,00 €).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se toma razón do protocolo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Consellería do Mar e a Sociedade para o Aproveitamento Sostible de Recursos Naturais de Galicia RDG, S.A. (Recursos de Galicia-RDG), para o desenvolvemento de actuacións que permitan reducir os custos enerxéticos das empresas implantadas nos polígonos industriais e nos portos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Fundación para a Promoción da Investigación, Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da automoción de Galicia e o Instituto Galego de Promoción Económica para a execución de infraestruturas de interese económico sectorial no Centro Tecnolóxico, para a actividade non económica do centro, por un importe total de catro millóns de euros (4.000.000,00 €).

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, mediante un acordo marco cun único empresario en cada lote, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de equipamento informático para centros educativos no marco do proxecto Abalar-Edixgal. (expediente AMT-2024-0100)

### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se declara unha área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) no concello de Monforte de Lemos.
- Acordo polo que se autoriza a licitación dos servizos de redacción de proxecto e dirección de obra e contratación das obras de construción, con técnicas industrializadas, de dous edificios para 57 vivendas de promoción pública nas parcelas M-IVA-3 e M-IVA-6 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), por lotes, cun orzamento de licitación de doce millóns setecentos noventa e nove mil oitocentos trinta e nove euros con cincuenta e un céntimos (12.799.839,51 €), IVE incluído, e un valor estimado de once millóns cincocentos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

noventa e cinco mil oitocentos vinte e nove euros con setenta e seis céntimos (11.595.829,76 €).

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora da OU-212 (1ª fase). Rectificación de trazado (Beariz) e humanización da travesía de Liñares (Avión).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproban as instrucións para a mellora da xestión e do control dos procesos de incapacidade temporal.
- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, do acordo marco mediante procedemento aberto con varios adxudicatarios da prestación de servizos sanitarios da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por un valor estimado de cincuenta e catro millóns cento oitenta mil euros (54.180.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do concerto asinado coa entidade Hospital Povisa, S.A., o 1 de setembro de 2014, que ten por obxecto a prestación de servizos de asistencia sanitaria especializada aos beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, por importe máximo de vinte e sete millóns oitocentos noventa e cinco mil euros (27.895.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a realización de programas de atención e protección da saúde, por importe de catro millóns vinte e dous mil oitocentos euros (4.022.800,00 €).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Lugo para a reparación da igrexa de Santalla de Rebordaos, lugar Candaira, O Saviñao, (Lugo), por importe total de cento corenta e cinco mil trescentos dous euros e noventa e oito céntimos (145.302,98 €) e se lle autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía nos pagamentos a conta que se prevén no referido convenio.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Santiago para realizar intervencións de conservación nos seguintes bens desta arquidiocese: colexiata de Santa María do Campo, igrexa de Bugallido, igrexa de Fecha, igrexa de Santiago do Deán, igrexa de Luou, igrexa de Rodís, por importe total de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seiscentos corenta e nove mil cincocentos vinte e cinco euros e sesenta e tres céntimos (649.525,63 €) e se lle autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía nos pagamentos a conta que se prevén no referido convenio.

### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación polo procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada, do servizo, por lotes, para a impartición de accións formativas dos graos B e C nos centros de formación profesional dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, por un importe total de licitación de sete millóns un mil novecentos noventa e sete euros con trinta céntimos (7.001.997,30 €) e un valor estimado de catorce millóns tres mil novecentos noventa e catro euros con sesenta céntimos (14.003.994,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e a eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, na orde pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2024-2026 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas, para o exercicio 2024, por un importe total de catro millóns de euros (4.000.000,00 €).

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das axudas á promoción do viño en terceiros países do período 2018-2024 e convocatoria 2025.

### CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas destinadas ás persoas mariscadoras a pé afectadas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros intermareais de Galicia, cofinanciadas ao 70 % polo FEMPA.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Portos de Galicia da Consellería do Mar, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Moaña, que permita acometer as obras de reforma e mellora da nave de deportes náuticos no porto de Moaña, segundo o proxecto denominado proxecto básico e de execución de reforma de nave SD. Tirán, por un importe total de trescentos vinte e oito mil novecentos dezasete euros con cincuenta e sete céntimos (328.917,57 €), IVE incluído.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### INFORMES

#### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Informe sobre a resolución de concesión de subvencións ao abeiro da Resolución do 10 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a proxectos tractores para o turismo na contorna do Camiño de Santiago, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria como expediente anticipado de gasto para os anos 2024 e 2025 e da Resolución do 3 de xullo de 2024 pola que se amplía o crédito orzamentario existente, por un importe total de cinco millóns trescentos cincuenta e sete mil cento tres euros con setenta e oito céntimos (5.357.103,78 €).

#### **CONSELLERÍA POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

- Informe sobre axudas de redución de xornada para fomento da corresponsabilidade.

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA E AMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe sobre o impacto para Galicia do acordo acadado entre ERC e PSC.

#### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais.

#### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a aprobación provisional do proxecto de mellora da drenaxe nas estradas PO-550 e PO-504 en Meaño e Sanxenxo.

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia do servizo de transporte sanitario non urxente, tanto ambulatorio como hospitalario, e o hospitalario urxente da Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, por un importe total de 1.015.632,02 euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

- Informe sobre as concesións derivadas da orde pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2024 e 2025, por un importe total de seiscientos noventa mil euros (690.000,00 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA REFORZARÁ O POTENCIAL DE MONDARIZ-BALNEARIO COMO DESTINO DE TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE

- O Consello autoriza un convenio co Concello pontevedrés para o acondicionamento, optimización e mellora integral das instalacións deportivas municipais
- Realízanse accións de mellora de accesibilidade e eficiencia enerxética ou, renovación de elementos deteriorados, entre outras

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Mondariz-Balneario co que se contribuirá a mellorar as instalacións deportivas municipais para reforzar o concello como destino de turismo deportivo sostible. O convenio conta cun orzamento de 483.637 € dos que Turismo de Galicia achega 180.000 € nos anos 2024 e 2025.

Búscase acondicionar a área deportiva actualmente existente, perseguindo integrar desde unha perspectiva funcional e estética, visual e ambiental, baixo unha imaxe unitaria e coherente, integrada na paisaxe. Para iso, adecuaranse e melloraranse os espazos coa renovación dos elementos que se encontren deteriorados ou en deficiente estado, como pavimentos das pistas, pechamentos, fachadas e cubertas de edificacións, etc.

Tamén se levarán a cabo actuacións de accesibilidade universal integral no complexo, resolvendo a conectividade interior entre as distintas zonas do recinto deportivo por medio dun itinerario accesible, así como unha supresión de barreiras arquitectónicas existentes no itinerario proposto e nas edificacións e outras zonas específicas.

Tamén se adecuarán os vestiarios existentes e outros espazos complementarios de apoio á actividade deportiva, como ximnasios, salas de readaptación e enfermaría, así como mellorar a eficiencia enerxética das edificacións, que se converterán en edificacións de consumo enerxético case nulo, e das instalacións, concretamente a de alumeadado público, que se disporá toda ela en tecnoloxía led.

Ao mesmo tempo preténdese mellorar a dixitalización das instalacións, por medio da disposición de novos elementos dixitais para facilitar a reserva virtual e directa das instalacións, así como a información, comunicación e imaxe interior, mediante a disposición dun vídeo marcador, que funcionará igualmente como unha pantalla de información xeral das actividades previstas e de exposición dos valores do territorio en que se localiza.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DOS ANTIGOS XULGADOS DE VIGO PARA DESTINALO A ENTIDADES SOCIAIS DA CIDADE CUN IMPORTE DE 19,4M €

- Tal e como sinalou o presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, prevese que as obras comecen “antes de que finalice o ano” cun prazo de execución máximo de 16 meses
- O obxectivo é “darlle unha segunda vida ao servizo da cidade”, prestando servizo ás asociacións e entidades sociais da cidade
- O proxecto foi deseñado polo arquitecto Alfonso Penela, gañador do concurso de ideas convocado polo Goberno galego a finais de 2022

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a contratación das obras de rehabilitación do edificio dos antigos xulgados de Vigo, situado na rúa Lalín, por importe de 19,4 millóns de euros. Tal e como sinalou o presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, o obxectivo é “darlle unha segunda vida ao servizo da cidade”, destinándoo a asociacións e entidades sociais da cidade, ao igual que se fixo con outras instalacións autonómicas como o edificio da rúa Benito Corbal en Pontevedra ou o Espazo Amizar na Coruña.

Cóbrese así, segundo sinalou Rueda, “unha carencia detectada no Concello de Vigo posta de manifesto por moitas asociacións”. A obra licitarase mediante procedemento aberto tras a aprobación o pasado mes do proxecto de rehabilitación presentado polo arquitecto Alfonso Penela, gañador do concurso de ideas convocado pola Xunta a finais de 2022. Prevese que as obras comecen “antes de que finalice o ano” e que se prolonguen un máximo de 16 meses. O financiamento da actuación enmárcase no Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder Galicia 2021-2027).

A través da recuperación do edificio e da súa posta á disposición das entidades sociais da cidade para a súa ocupación temporal, a Xunta contribúe a mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo. As entidades disporán dunha superficie construída de case 13.000 metros cadrados distribuídos en seis plantas, unha entreplanta, un baixo e dúas plantas de soto.

#### **Integración na contorna e accesibilidade**

Segundo o proxecto, prevese levantar dúas plantas do chan coa creación dun grande atrio na área da entrada. Búscase así mellorar a integración na contorna. Tamén se facilitará a accesibilidade mediante a retirada do aparcadoiro exterior e a rebaixa do terreo para que quede en continuidade coa planta baixa. Isto permitirá tamén crear un espazo verde.

O baixo terá carácter multifuncional, cunha sala de exposicións, cafetería, hemeroteca e un auditorio con cabida para 400 persoas. Contará tamén cunha sala de lactación para

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

facilitar a conciliación tanto das persoas traballadoras como usuarias. Pola súa banda, as oficinas xerais ocuparán a entreplanta.

En cada un dos cinco primeiros andares distribuiranse 20 estancias para asociacións e entidades sociais, unha sala polivalente, outra de reunións e unha máis de ensaio. A sexta planta, unida á anterior, configúrase como zona de office-cafetería, con terrazas axardinadas no exterior. Sobre esta superficie haberá unha cuberta que permite a colocación de paneis fotovoltaicos na busca da máxima autonomía enerxética. Por último, os sotos destinaranse a aparcadoiro, arquivo e cuartos de instalacións.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 5,3 M€ Á ACTUALIZACIÓN DO PLAN GALEGO DE CARTOGRAFÍA E INFORMACIÓN XEOGRÁFICA PARA GARANTIR A HOMOXENEIDADE DOS DATOS ESPACIAIS**

- O Consello autorizou o novo programa operativo desta iniciativa, que inclúe como novidade o proxecto para cartografiar 80 concellos ourensáns a escala 1/5.000, co que se disporá de información máis precisa para dar resposta a cuestións de xestión e planificación en materias vinculadas ao territorio
- Ao abeiro deste novo programa, 19 departamentos autonómicos desenvolverán ao redor de 90 accións, das 138 propostas no Plan xeral de cartografía e información xeográfica 2021-2025

A Xunta destinará 5,3 millóns de euros ao desenvolvemento do programa operativo anual que permitirá actualizar o Plan galego de cartografía e información xeográfica, que ten como finalidade garantir a homoxeneidade, coherencia e interoperabilidade dos datos espaciais, favorecer a eficiencia no gasto público, asegurar a calidade da produción cartográfica e a súa utilidade como servizo público.

Así, o documento do que tivo coñecemento hoxe o Consello da Xunta inclúe as actividades e cantidades que investirán os distintos departamentos do Goberno galego durante o ano 2024 co obxectivo de que a Comunidade dispoña dos datos que máis actualizados redunden nunha mellora dos servizos á disposición da cidadanía.

Cómpre indicar que eses datos supoñen unha información básica e necesaria para dar resposta a numerosas cuestións de xestión e planificación en materias vinculadas ao territorio como o urbanismo, as infraestruturas, a xestión agrícola, forestal e ambiental, prevención de riscos, entre outras.

Así, ao abeiro deste novo programa operativo, 19 departamentos autonómicos, baixo a coordinación do Instituto de Estudos do Territorio (IET), dependente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, desenvolverán ao redor de 90 accións, das 138 propostas no Plan xeral de cartografía e información xeográfica 2021-2025, o que supón intervir no 65 % das actuacións programadas.

Entre as súas principais novidades, destaca o inicio do Plan Galicia BTG 5k que, cun orzamento de máis de 1,2 millóns de euros, permitirá cartografiar 80 concellos da provincia de Ourense a escala 1/5.000, coa que se disporá de información máis precisa sobre o territorio e mellorará a toma de decisións na planificación, creación, implantación e seguimento das políticas da Administración autonómica en eidos como o urbanismo, a mobilidade, as emerxencias ou a dotación de servizos e equipamentos.

O obxectivo xeral deste programa é seguir definindo actuacións recollidas dentro dos obxectivos estratéxicos do Plan xeral de cartografía e información xeográfica, e que estean encamiñadas todas elas a producir información xeográfica, elaborar produtos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cartográficos, e asegurar o funcionamento, mantemento e mellora do sistema de información xeográfica.

### **Balance programa operativo anual 2023**

A maiores, o programa operativo de 2024 tamén avalía a execución realizada no ano 2023, cando se acometeron 87 accións. Entre as realizadas, destacan o mantemento e mellora do Xeoportal de Riscos de Protección Civil; a creación dunha cartografía en terreos forestais, no nivel de referencia catastral ou superior, que incorpora o nivel de actividade forestal; a mellora da información cartográfica das infraestruturas de saneamento e depuración, así como a creación dun visor de caudais ecolóxicos, calidade e verteduras por parte de Augas de Galicia.

Ademais, tamén se traballou na elaboración e mantemento de diversos visores xeográficos, entre os que destaca o que permitirá a superposición e consulta conxunta de capas con diferentes orixes (predición, satélite, radar, estacións...).

Coa actualización deste programa a Xunta pretende seguir mellorando a produción cartográfica de Galicia, co obxectivo de que a nosa comunidade conte cunha única base de datos coa información relativa ao noso territorio.

De feito, grazas a esta planificación, Galicia converteuse no 2021 na quinta comunidade, xunto a Andalucía, Aragón, Cataluña e Navarra, que dispuxo dun plan destas características para xestionar e producir a información do seu territorio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INXECTA MÁIS DE 3 M€ NO CAMPUS AUGA DE OURENSE LOGO DE ACADAR A ESPECIALIZACIÓN EN TEMÁTICAS DE AUGA E ALIMENTACIÓN

- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP apoiará a Universidade de Vigo cun convenio de colaboración para o período 2024-2027
- A achega do Goberno galego destinarase a actuacións de gobernanza, docencia, investigación, transferencia e innovación e equipo de xestión
- O Campus Auga é o terceiro en acadar a acreditación como campus de especialización, tras o Campus Industrial de Ferrol e o Campus Terra de Lugo

A Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo asinarán un convenio de colaboración para desenvolver un plan estratéxico no Campus Auga de Ourense tras oficializarse a súa acreditación como campus de especialización do Sistema universitario de Galicia (SUG), centrado en temáticas de auga e alimentación. Así o acordou hoxe o Consello da Xunta, que deu luz verde a un investimento de 3.256.850 euros por parte do Goberno galego distribuídos nas anualidades 2024, 2025, 2026 e 2027.

Con este convenio queda fixada a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas co fin de dotar o Campus Auga de Ourense dunha identidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas da súa contorna, así como dunha maior visibilidade que garanta o seu futuro, tanto a nivel nacional como internacional. Os obxectivos son consolidar unha maior especialización e calidade da docencia e da investigación no Campus Auga.

A través deste acordo, a Consellería de Universidades comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola UVigo para impulsar este campus especializado. Concretamente, a achega do Goberno galego destinarase a actuacións de gobernanza, docencia, investigación, transferencia e innovación e equipo de xestión.

Coa súa especialización, o Campus Auga tratará de converterse nun axente dinamizador da súa contorna e do desenvolvemento intelixente, sostible e integrador das súas cadeas de valor. Así promoverá, xunto coa xeración e transmisión de coñecemento, o desenvolvemento territorial da súa contorna, a provincia de Ourense e a eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

#### **As áreas temáticas**

Con esta distinción o campus logra identidade científica propia, centrada en tres temáticas principais: a alimentación funcional, a agricultura e o ambiente e a xestión de auga termal. Estas liñas temáticas servirán como eixe central sobre o que se articulan as demais áreas de especialización do campus.

Deste xeito, este plan estratéxico convértese na folia de ruta para que o Campus Auga de Ourense impulse a formación avanzada e de calidade en disciplinas relacionadas coa

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

auga, que son as que diferencian este campus a nivel nacional e internacional, así como na internacionalización da investigación multidisciplinar e na promoción da transferencia do coñecemento cara a aplicación en liña coa sociedade, a industria e as institucións.

Así mesmo, o Campus Auga deberá poñer en marcha accións encamiñadas á captación de talento, á potenciación da empregabilidade dos seus egresados, á promoción da internacionalización das titulacións e ao fortalecemento das infraestruturas de investigación.

### **Investidos 8,5 M€ desde 2013**

Cómpre lembrar que o Campus Auga de Ourense, da Universidade de Vigo, vén de acadar acreditación como campus de especialización para o período 2024-2026, polo que é o terceiro campus do Sistema universitario galego que obtén este recoñecemento. O primeiro en lograr esta distinción foi o Campus Industrial de Ferrol, da Universidade da Coruña, mentres que o segundo foi o Campus Terra de Lugo, da Universidade de Santiago de Compostela.

A Xunta de Galicia destinará máis de 3 M€ ao Campus Auga para o dito período, unha contía que se sumará aos case 8,5 M€ que leva investido o Goberno autonómico desde 2013 neste campus, ano en que arrancou o proxecto. Concretamente, a estratexia de especialización de Campus, unha iniciativa pioneira en todo o Estado, está centrada en impulsar unhas universidades estritamente ligadas ao territorio e na que o Goberno galego leva investidos máis de 35 M€.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INCREMENTA UN 8 % A COLABORACIÓN COA ONCE PARA ATENDER O ALUMNADO CON DISCAPACIDADE VISUAL**

O Consello aproba un convenio de 341.175 € para que a Consellería de Educación e a ONCE destinen sete profesores especializados ao apoio de 334 alumnos en centros galegos

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE), que destinará 341.175 €, un 8 % máis que no curso 2023/24, para colaborar na atención do alumnado con discapacidade visual. Este acordo permitirá que tanto o departamento educativo do Goberno galego como a ONCE destinen sete profesionais para apoiar estes estudantes en centros educativos da Comunidade.

Grazas a esta colaboración, o próximo curso recibirán apoio 334 estudantes con discapacidade visual escolarizados en calquera ensino de réxime xeral e especial non universitaria. O convenio busca favorecer a súa inclusión educativa e facilitar o seu acceso ao sistema educativo, atendendo á súa diversidade e necesidades específicas.

O acordo establece un marco de traballo con equipos específicos da ONCE para a atención escolar do alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave, así como das súas familias e centros educativos. Este acordo promoverá a coordinación dos servizos educativos e complementarios, optimizando os recursos das diferentes institucións e facilitando a conformación de equipos específicos para a atención deste alumnado.

A Consellería comprométese a dotar os centros escolares do material necesario para garantir a inclusión educativa en igualdade de condicións do alumnado cego ou con discapacidade visual. Ademais, promoverá a adaptación a braille ou a gravación dos libros e materiais curriculares, así como a realización de formación básica para profesores e titores das etapas obrigatorias que traballan con alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave. Tamén se velará para que os materiais didácticos dixitais sexan accesibles para estes estudantes e para que o profesorado reciba formación neste eido, así como para a sensibilización da comunidade educativa en xeral. Finalmente, promoverase a colaboración dos centros escolares en que o alumnado recibe as ensinanzas curriculares acordes coa súa etapa educativa.

Por parte da ONCE, a entidade poñerá á disposición do alumnado e das súas familias os seus centros e servizos especializados, así como os recursos humanos e materiais necesarios. Establecerá axudas económicas para cubrir as necesidades educativas específicas dos alumnos afiliados e promoverá a adaptación dos postos escolares e dos materiais. Ademais, levará a cabo formación docente e implementará un servizo de sensibilización para que os centros educativos de Galicia realicen actividades que dean a coñecer a realidade das persoas con cegueira ou deficiencia visual grave e do alumnado en particular.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este convenio, a Consellería de Educación facilita o acceso á escolarización do alumnado galego, atendendo á súa diversidade e necesidades específicas e favorecendo a inclusión educativa. Desta maneira, Galicia aposta por continuar sendo a comunidade autónoma máis inclusiva do Estado, cun 9,31 % do alumnado con necesidades especiais escolarizado en centros ordinarios.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA AS CONDICIÓNIS DE XUBILACIÓN PARCIAL DOS DOCENTES DO ENSINO CONCERTADO E O SEU RELEVO, QUE SE CALCULA BENEFICIE UNS 400 PROFESIONAIS

- O Consello dá luz verde ao acordo entre a Consellería de Educación e as organizacións sindicais e empresariais para aplicarse no curso 2024/25 e seguintes
- O Goberno galego destina 5 M€ a financiar as medidas que favorezan esta xubilación dos profesionais da educación, sempre que cumpran cos requisitos exixidos
- A Consellería de Educación sumirá os gastos derivados desta medida, así como da contratación do profesorado que os relevará

A Xunta de Galicia aproba as condicións de xubilación parcial dos docentes do ensino concertado, unha acción que deriva do acordo acadado entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e as organizacións empresariais e sindicais do ensino concertado, e que implicará a contratación de novos docentes. Esta medida, de aplicación desde setembro, calcúlase que poderá beneficiar arredor de 400 profesionais do ensino.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace a este acordo, previamente analizado na Comisión tripartita do Ensino Privado Concertado, a través do cal o Goberno galego financiará con 5 M€ a posta en marcha das medidas que favorezan este proceso para aqueles profesionais que cumpran cos requisitos exixidos. Neste senso, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP asumirá as retribucións e as cotizacións á Seguridade Social derivadas deste acordo ata a data en que as persoas xubiladas parcialmente acaden a idade legal para acceder á xubilación total.

O obxectivo é facilitar e establecer as condicións para o acceso á xubilación parcial do profesorado dos centros docentes concertados de Galicia mediante a realización simultánea de contratos de remuda para os novos docentes que se incorporen para substituír as xubilacións.

#### **Requisitos**

Entre os requisitos que hai que cumprir para acceder a esta xubilación parcial, o persoal docente debe estar vinculado por un contrato de traballo de duración indefinida e xornada completa, incluído no réxime de pagamento delegado cunha antigüidade mínima de seis anos no momento de iniciarse a xubilación parcial. Tamén se poderán beneficiar da medida as persoas cooperativistas que cumpran os ditos requisitos.

O período mínimo de duración da xubilación será de un ano e a redución da xornada laboral durante toda a xubilación parcial do profesorado estará comprendida entre un mínimo de 25 % e un máximo do 50 %.

No caso do profesorado contratado en substitución, establécese como un criterio preferencial que a persoa candidata estea incluída na bolsa de recolocación creada por

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

un acordo asinado en xuño do ano pasado entre a Consellería de Educación e as organizacións empresariais e sindicais do ensino privado concertado de Galicia co fin de incentivar a recolocación do profesorado.

O acordo visado polo Consello da Xunta vai na liña do recollido no VII convenio colectivo de empresas de ensinanza privada sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, que recolle a habilitación de medidas para favorecer a xubilación, tanto parcial como total, dos seus traballadores.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA PRETO DE 2 M€ Á CONTRATACIÓN DE 15 ESTUDANTES DE DOUTORAMENTO EN EMPRESAS E CENTROS TECNOLÓXICOS NOS QUE DESENVOLVERÁN A SÚA TESE**

- O Consello aproba a convocatoria da cuarta edición do programa de Doutoramentos Industriais da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP
- Posibilita realizar a tese doutoral nunha contorna empresarial, favorecendo a investigación colaborativa, a transferencia de coñecemento e a inserción laboral
- En conxunto, as edicións anteriores deste programa permitiron a contratación de 46 persoas doutorandas en sete centros tecnolóxicos e 33 empresas

O Consello da Xunta aprobou a convocatoria da cuarta edición do programa Doutoramentos Industriais, unha iniciativa dotada con preto de 2 millóns de euros que apoia a contratación de 15 estudantes de doutoramento do Sistema universitario galego en empresas e centros tecnolóxicos con domicilio social ou centro de traballo en Galicia nos cales desenvolverán a súa tese doutoral.

O programa, promovido pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, permite deseñar e realizar a tese doutoral nunha contorna empresarial, orientando o proxecto de investigación á resolución das necesidades e problemas dunha empresa ou centro tecnolóxico, en colaboración cunha universidade que se encargará da formación investigadora da persoa doutoranda.

Deste xeito, este programa favorece a investigación colaborativa entre unha empresa ou centro de innovación e a universidade, e con iso os procesos de transferencia; promove a formación de mozos e mozas investigadores no marco de proxectos de interese empresarial, e estimula a súa posible inserción laboral unha vez que remate a axuda.

Os doutorandos deberán matricularse nun programa de doutoramento dunha universidade do Sistema universitario galego e ter unha persoa directora de tese vinculada ao programa. As axudas inclúen tanto os custos de contratación, gastos relacionados co proxecto no ámbito da empresa ou centro tecnolóxico e apoios para a realización de estadias de tres meses no estranxeiro como gastos relacionados co desenvolvemento do proxecto no ámbito da universidade e o custo da matrícula.

Este programa, que xa permitiu a contratación de 46 persoas doutorandas industriais en sete centros tecnolóxicos e 33 empresas nas tres edicións anteriores, complétase con outras medidas postas en marcha polo Goberno galego co obxectivo de captar talento e crear emprego de calidade no eido da investigación como Talento Sénior, Oportunius, Ignicia ou os programas de apoio predoutoral e posdoutoral.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ABRE DE NOVO A ORDE DE AXUDAS PARA A CREACIÓN DE PRAZAS DE 0 A 3 ANOS EN ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS**

- Nesta nova convocatoria alónganse os prazos para dar máis facilidades aos concellos que xa se acolleron ou se queiran acoller a estas subvencións
- Ata o día de hoxe concedéronse fondos para a creación de arredor de 1.000 prazas

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación da orde de axudas para os concellos que crean novas prazas públicas no primeiro ciclo de educación infantil, co obxectivo de reabrir o prazo de solicitudes destas subvencións dado o interese amosado por algunhas administracións locais. O importe total desta liña de achegas é de 34,1 millóns de euros procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia que sufraga a Unión Europea (*NextGenerationEU*).

Esta é a terceira vez que o Executivo autonómico reabre esta liña de financiamento tras as convocatorias dos anos 2022 e 2023. Ata a data de hoxe concedéronse fondos para a creación de arredor de 1.000 prazas de 0 a 3 anos de titularidade municipal.

Nesta nova convocatoria alónganse os prazos para dar máis facilidades aos concellos que xa se acolleron ou se queiran acoller agora a estas axudas. O prazo para realizar as obras de creación de prazas amplíase un ano, polo que se financiarán todas aquelas xeradas ata decembro de 2025. Ademais, incorpóranse as anualidades de 2024 e 2025 como subvencionables para os efectos do mantemento só das novas prazas habilitadas.

A previsión é que esta convocatoria se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nos vindeiros días e os concellos contarán cun mes de prazo para a presentación de solicitudes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA GARANTE UN CURSO MÁIS A GRATUIDADE DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS CUN INVESTIMENTO DE 7,7 MILLÓNS DE EUROS**

- Financiaranse unhas 7.300 prazas de 0 a 3 anos en 142 centros de titularidade municipal
- Máis de 32.000 familias galegas pódense beneficiar desta medida, con independencia de que os seus fillos vaian a unha escola infantil pública, de iniciativa social ou privada

O Consello da Xunta aprobou hoxe un investimento de 7,7 millóns de euros de fondos propios da Administración autonómica para o funcionamento e para dar continuidade á gratuidade nas escolas infantís e puntos de atención á infancia que dependen dos concellos. Con este orzamento, o Executivo autonómico financiará unhas 7.300 prazas en 142 centros de 0 a 3 anos de titularidade municipal, nun esforzo compartido coas administracións locais.

Esta convocatoria para acollerse ao programa da gratuidade da Xunta no primeiro ciclo de educación infantil publicarase en datas próximas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e as entidades locais interesadas poderán presentar as súas solicitudes do 1 ao 30 de setembro, ao igual que na anterior convocatoria.

O obxectivo do Executivo autonómico é que a nosa comunidade continúe entre as que presentan mellores datos de escolarización de 0 a 3 anos.

A Xunta iniciou no ano 2020 a implantación da gratuidade da atención educativa 0-3, que hoxe beneficia máis de 32.000 familias que non teñen que pagar nada pola atención educativa na escola infantil dos seus fillos, xa sexa esta pública, de iniciativa social ou privada. A Xunta destina máis de 60 millóns de euros do seu orzamento a esta medida, que supón para os fogares un aforro duns 3.000 euros por curso.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA FINANCIARÁ CON 700.000 EUROS A REFORMA DO HOSPITAL ASILO DE RIBADEO**

Esta colaboración económica permitirá completar a rehabilitación deste inmovible para poñer en servizo unha nova residencia de maiores de titularidade municipal

O Consello da Xunta de hoxe autorizou un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Ribadeo para o financiamento da reforma do Hospital Asilo municipal de San Sebastián e San Lázaro.

A Administración autonómica achegará 700.000 euros a estas obras que xa iniciou o concello e que teñen un custo total de máis de 1,5 millóns de euros. O resto do financiamento corre a cargo da Administración local, a través de fondos procedentes dunha doazón efectuada polo doutor Francisco Moreda Pérez, veciño ribadense.

Esta colaboración económica da Xunta de Galicia posibilitará que o Concello de Ribadeo poida completar a rehabilitación do antigo asilo para poñer en servizo un novo centro residencial para persoas maiores de titularidade municipal. Este convenio responde a un compromiso do Goberno galego.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA E A SOCIEDADE RECURSOS DE GALICIA REDUCIRÁN OS CUSTOS ENERXÉTICOS DAS EMPRESAS ASENTADAS NOS POLÍGONOS INDUSTRIAIS E NOS PORTOS DE GALICIA**

- Trátase de mellorar a competitividade das empresas galegas a través do aproveitamento das enerxías renovables e o fomento da eficiencia enerxética
- Estas actuacións están aliñadas coa Axenda Enerxética de Galicia 2030 e coa Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 elaboradas polo Executivo autonómico

A Xunta e a Sociedade para o Aproveitamento Sostible de Recursos Naturais de Galicia (Recursos de Galicia-RDG) van colaborar para reducir os custos enerxéticos das empresas asentadas nos polígonos industriais e nos portos da Comunidade galega.

Neste sentido, o Consello do Goberno galego tomou hoxe razón dun protocolo de colaboración coa Sociedade Recursos de Galicia que mellorará a competitividade das empresas galegas a través do aproveitamento das enerxías renovables e do fomento da eficiencia enerxética.

Estas actuacións están aliñadas coa Axenda Enerxética de Galicia 2030 e coa Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 elaboradas pola Executivo autonómico como follas de rutas no proceso de transición enerxética de Galicia como motor de crecemento económico e ambiental.

#### **Principais actuacións**

No marco deste protocolo de colaboración, elaborárase un estudo de análise de autoconsumo e eficiencia enerxética nos polígonos industriais e nos portos da Comunidade galega.

Este estudo ten o obxectivo de obter a información precisa para desenvolver proxectos de aproveitamento de enerxías renovables e uso eficiente da enerxía para reducir os custos enerxéticos das empresas.

Para o desenvolvemento deste estudo, levarase a cabo un concurso público para seleccionar as empresas máis destacadas en aspectos como a análise dos recursos renovables dispoñibles en cada polígono industrial e en cada porto; a avaliación das infraestruturas enerxéticas existentes; as características da demanda enerxética das empresas situadas nos polígonos industriais; ou a análise das necesidades loxísticas, entre outros. Ademais, promoverase a participación das universidades, centros de investigación e da industria galega.

Deste xeito, a Xunta de Galicia pretende fomentar a competitividade das empresas galegas e fomentar a xestión sostible dos recursos marítimos e a eficiencia nas infraestruturas e equipamentos portuarios pequenos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 4 M€ PARA PROMOVER A MELLORA TECNOLÓXICA DA AUTOMOCIÓN GALEGA EN TODA A CADEA DE VALOR**

- A Consellería de Economía e Industria e o CTAG asinan un acordo que establece o marco de colaboración para o financiamento de investimentos que permitan mellorar as capacidades do sector e que a industria da automoción galega manteña o seu liderado
- Crearanse dous laboratorios: o primeiro de compoñentes para vehículos eléctricos e procesos de fabricación e un segundo de iluminación, confort e calidade percibida
- O Goberno autonómico leva investidos 22M€ desde o pasado mes de xuño en axudas ao sector da automoción galego

O Consello da Xunta coñeceu hoxe do novo acordo de colaboración que a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, impulsará xunto ao Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) e que, dotado con 4 M€, busca promover a mellora tecnolóxica da automoción galega en toda a súa cadea de valor.

Neste marco, a folla de ruta promoverá e impulsará as capacidades do centro na procura de respostar as necesidades do tecido industrial nos vindeiros anos mediante o financiamento de novas infraestruturas específicas de desenvolvemento e innovación tecnolóxica que beneficien o sector, contribuíndo así, a que a automoción galega manteña a súa posición de liderado.

Para acadar estes obxectivos, crearase un laboratorio de compoñentes para vehículos eléctricos e procesos de fabricación e un laboratorio de iluminación, confort e calidade percibida. O primeiro centrarase no desenvolvemento de compoñentes para o vehículo eléctrico, fundamentalmente cédulas e módulos de baterías, que, acompañado de medios orientados á complexidade dos novos procesos de fabricación, complementará as capacidades do CTAG para abordar as necesidades futuras en dixitalización e descarbonización do sector da automoción.

O segundo laboratorio afondará na iluminación dos vehículos, así como as súas burbullas de confort, dotando o CTAG de capacidades complementarias ás liñas actuais da División de Electrónica e Mobilidade Intelixente do Centro.

Cómpre salientar que este convenio enmárcase nos plans directores sectoriais nos sectores estratéxicos da economía galega en que está a traballar a Xunta, sendo o sector da automoción e a mobilidade o primeiro deles. Esta nova liña de apoios complementa a liña de apoio extraordinario de 18 M€ habilitada o mes pasado para intensificar a colaboración coa automoción galega potenciando unha cadea de valor dixital, verde e resiliente, capaz de facer fronte aos retos que o sector ten por diante. Deste xeito, o Goberno galego leva investidos un total de 22M€ desde xuño en apoios á automoción.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta segue a reforzar así a súa colaboración cun sector fundamental da economía de Galicia que representa máis do 13 % do PIB, que suma máis de 200 empresas e preto de 25.000 empregos, e que conforma unha das cadeas de valor máis completas de Europa.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 12,5 M€ A COMPLEMENTAR A DOTACIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO PARA MELLORAR E ACTUALIZAR A EDUCACIÓN DIXITAL**

- O Consello de Goberno aproba un acordo marco para dotar os centros de impresoras, armarios de carga de portátiles, servidores, ordenadores de sobremesa e dispositivos de carga
- Os novos equipamentos consolidan e manteñen actualizado o modelo en que o 100 % do sistema educativo estea dixitalizado
- A dotación de equipos para centros complementa as aulas dixitais en todo o sistema educativo, o proxecto Edixgal de contidos dixitais e o modelo de xestión académica dixital

A Xunta de Galicia destinará 12,57 millóns de euros a equipamentos informáticos para centros educativos no marco do proxecto Abalar-Edixgal. A través da fórmula de acordo marco, esta actuación permitirá mellorar e actualizar a subministración para a educación dixital con novas impresoras láser, armarios de carga de equipos portátiles, servidores do sistema Abalar, ordenadores de sobremesa avanzados e dispositivos de carga.

Cada un deste lotes contará cun provedor, ao que se poderá recorrer a través de contratos derivados durante os vindeiros tres anos, en función das necesidades.

En concreto, o acordo marco permitirá a adquisición de 500 impresoras multifunción láser, 500 armarios para almacenar e cargar un mínimo de 30 ordenadores portátiles, 500 servidores para os sistemas de Abalar, 2.000 ordenadores de sobremesa avanzados e 20.000 dispositivos de carga USB.

Estes equipamentos forman parte do modelo de educación dixital de Galicia, que avanza cara á dixitalización de todas as aulas, dende Educación Infantil ata 2º de Bacharelato, Formación Profesional e as ensinanzas de réxime especial. Estas aulas contan con paneis dixitais interactivos e un ordenador.

O proxecto Abalar, que se iniciou en 2010, actúa en catro eixos: as infraestruturas e equipamentos nos centros, no que se integra este acordo marco; a formación e fomento da cultura dixital, os contidos educativos dixitais e a participación e colaboración.

O acordo aprobado hoxe tamén complementará e apoiará o proxecto de educación dixital E-Dixgal. Este proxecto foi adoptado xa por 630 centros que o solicitaron mediante acordo do Consello Escolar. Está a ser usado por máis de 64.000 escolares e 10.500 docentes. Na actualidade está en marcha unha nova licitación de tres lotes de contidos educativos dixitais para o proxecto E-Dixgal, cun investimento anual de máis de dous millóns de euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O modelo de educación dixital de Galicia inclúe a dotación dos centros con internet de alta velocidade e con redes wifi en todas as instalacións docentes. Na actualidade hai cerca de 1.300 centros con conexión de 1Gbps. Os centros contan con máis de 5.500 puntos de acceso wifi.

Por outra banda, a aplicación abalarMóbil tivo en 2023 en torno a 38 millóns de acceso, tres millóns máis que en 2022. A aplicación acumula unhas 440.000 persoas usuarias.

O modelo de educación dixital de Galicia complétase con sistemas de información relacionados coa xestión académica e educativa dos centros, alumnado e profesorado, e outras actuacións como diversas plataformas e aplicacións ou o plan de mellora das bibliotecas escolares.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DECLARA EN MONFORTE DE LEMOS A OITAVA ÁREA REXURBE DE GALICIA CO FIN DE POÑER EN VALOR O SEU CONXUNTO HISTÓRICO E A SÚA CONTORNA**

- Trátase da declaración de área Rexurbe no conxunto histórico, así como nas súas catro zonas de respecto, Ramberde, Carude, praza do Piñeiro e ribeiras do río Cabe
- Esta declaración será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e debe aprobarse o plan de dinamización, que ten que elaborar o Concello para coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á rexeneración destes ámbitos
- No que se refire ao eido arquitectónico, as liñas de actuación dirixiranse a mellorar a conservación do patrimonio, reducindo as edificacións en estado deficiente
- En relación ao eido económico, a área permitirá promover a introdución de novas tipoloxías empresariais nos locais comerciais baleiros existentes no conxunto
- Con esta declaración da área Rexurbe en Monforte de Lemos xa son 8 os conxuntos históricos con esta figura: Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia Tui, Ribadeo, Ferrol e Betanzos.
- En Monforte tamén está declarada a Área de Rehabilitación Integral (ARI) do Burgo medieval e, ademais, este municipio está incluído na ARI supramunicipal da Ribeira Sacra

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración en Monforte de Lemos da oitava área Rexurbe de Galicia co fin de poñer en valor o seu conxunto histórico artístico e a súa contorna.

O Concello de Monforte de Lemos solicitou a declaración de área Rexurbe no conxunto histórico, así como as súas catro zonas de respecto, Ramberde, Carude, praza do Piñeiro e ribeiras do río Cabe.

O ámbito da citada área consta dunha superficie de 0,69 Km<sup>2</sup>, 1.867 habitantes, 1.126 edificios e 1.704 vivendas e 522 locais comerciais.

As áreas Rexurbe son zonas de intervención no medio urbano que, polas súas especiais características precisan dunha maior implicación da Administración autonómica e local para revitalizar o seu ámbito.

A solicitude de declaración dunha área Rexurbe preséntase por parte dos concellos cunha proposta que delimitará o ámbito e comprenderá, de xeito detallado, a estratexia social, económica, urbanística e arquitectónica que se pretende levar a cabo para conseguir a efectiva recuperación e dinamización do ámbito.

Esta declaración deberá ser publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e, posteriormente, debe aprobarse o plan de dinamización, que ten que elaborar o concello para coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á rexeneración destes ámbitos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo é manter e mellorar as dinámicas e servizos do conxunto histórico como espazo central, contribuíndo a dinamizar a zona e a mitigar o despoboamento.

Trátase de fomentar a rehabilitación e rexeneración, con especial énfase nos inmobles en ruínas; mellorar as conexións co resto da cidade; impulsar a actividade económica tanto para a poboación residente como a turística, e contribuír á cohesión social.

### **Liñas estratéxicas**

De xeito máis concreto, no que se refire ao eido arquitectónico, as liñas de actuación neste dirixiranse a mellorar a conservación do patrimonio edificado público e privado, reducindo as edificacións en estado deficiente.

Para isto, propiciárase un estudo do tráfico e estudaranse novos usos innovadores para os locais comerciais baleiros no conxunto histórico.

Tamén se incidirá especialmente na iluminación, eliminación de pintadas non artísticas, recuperación de mobiliario urbano e daqueles ámbitos deteriorados pola presenza do vehículo a motor.

En relación ao eido económico, a área permitirá promover a introdución de novas tipoloxías empresariais nos locais comerciais baleiros existentes no conxunto. Será precisa a mellora das infraestruturas de telecomunicacións, fibra óptica e locais comerciais sen acceso á internet.

### **Área de rehabilitación**

Cómpre lembrar que en Monforte de Lemos declarouse a Área de Rehabilitación Integral (ARI) do Burgo medieval e zonas de influencia, que queda incluída no ámbito da área Rexurbe.

Ademais, este municipio está incluído na ARI supramunicipal da Ribeira Sacra, declarada mediante Resolución do 21 de febreiro de 2020, que comprende 25 concellos.

Por outra parte, con esta declaración da área Rexurbe en Monforte de Lemos xa son 8 os conxuntos históricos declarados BIC que contan con esta figura: Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia Tui, Ribadeo, Ferrol e Betanzos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Delimitación da área Rexurbe hoxe declarada:



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONTRATACIÓN PARA CONSTRUIR 57 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN NAVIA, VIGO, CUN INVESTIMENTO DE 12,8 M€**

- O Goberno galego autoriza a licitación de redacción de proxecto e dirección de obra, así como de execución de dous edificios de 38 e 19 vivendas de promoción pública
- Trátase dunha promoción de vivenda protexida destinada ao alugueiro público
- Introdúcense nestas edificacións novas técnicas de construción industrializada, que xunten arquitectura con prefabricación para optimizar prezo, sostibilidade, seguridade, calidade e o mellor uso e mantemento dos inmobles
- Con este grupo de vivendas, a Xunta xa ten en marcha un total de 316 vivendas de promoción pública das 359 que están previstas no polígono 1 de San Paio de Navia
- A Xunta segue avanzando na Estratexia de vivenda pública e protexida para duplicar nesta lexislatura o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solopara 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á contratación para construír 57 novas vivendas de promoción pública en San Paio de Navia, en Vigo, ás cales se destinará un investimento autonómico de 12,8 M€. Trátase dunha promoción de vivenda protexida destinada ao alugueiro público.

En concreto, licítaranse os servizos de redacción de proxecto e dirección de obra e de contratación das obras de construción, con técnicas industrializadas e o uso de madeira, de dous edificios de 38 e 19 vivendas de promoción pública nas parcelas M-IVA-6 e M-IVA-3 do polígono 1 de San Paio de Navia.

Na parcela M-IVA-3 prevese a construción dun edificio para 19 vivendas de promoción pública, garaxes e rochos. Esta parcela ten unha superficie duns 844m<sup>2</sup> e forma sensiblemente rectangular. O plan parcial permite a construción dun inmovible cun máximo de 3 alturas máis ático.

Na parcela M-IVA-6 prevese a construción dun edificio para 38 vivendas de promoción pública, garaxes e rochos. Esta parcela ten unha superficie de 1.229 m<sup>2</sup> e forma de L. O plan parcial permite a construción dun inmovible cun máximo de 3 alturas máis ático.

Estes dous inmobles constitúen a segunda promoción que se executará en San Paio de Navia que incluírá a aplicación de técnicas construtivas industrializadas, despois dos outros dous edificios que albergarán 58 vivendas nas parcelas M-IVB-20 e M-IV22, cuxas obras saíron a licitación o pasado día 19 de xullo.

Neste sentido, a execución das obras de edificación levarase a cabo mediante novas técnicas de construción industrializada, aplicando unha ou varias patentes, que

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

permitan axuntar arquitectura con prefabricación, nunha relación que permita optimizar (en prazo, en prezo, en sustentabilidade, en seguridade e/o en calidade e mellor uso e mantemento durante a vida útil do inmovible) a referida promoción.

Entre as técnicas industrializadas que se inclúen nas bases da licitación da súa contratación está o emprego de madeira, tanto na estrutura dos inmobles como noutros elementos destes.

A construción deste grupo de vivendas conta con financiación europea, de xeito que a Xunta asumirá o 77,4 % do custo, mentres que o 22,6 % restante corresponde a fondos da UE a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Este novo proxecto cumpre o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En concreto teñen en conta as prescricións sobre eficiencia enerxética, consumo de enerxía non renovable, circularidade e xestión de residuos, que se reflicten no dito decreto.

### **Oitavo grupo de vivendas que a Xunta licita en Navia**

Este é o oitavo grupo de vivendas que a Xunta licita no polígono 1 da ampliación do barrio vigués de Navia, cun total de 316 que xa están en execución ou licitación. Ademais, hai outras 43 vivendas de promoción pública que están programadas neste polígono.

Neste polígono 1 de San Paio están a desenvolverse as obras de urbanización, e co obxectivo de que estas vivendas poidan ser unha realidade o antes posible, desenvólvanse de forma paralela aos traballos construtivos dos edificios residenciais.

Ademais das 359 vivendas de promoción pública, o parque residencial da cidade de Vigo reforzase coa habilitación neste mesmo polígono de solo para a construción de 374 vivendas protexidas.

Ademais, a Xunta ten neste momento a licitación das obras de urbanización do polígono 2 por un investimento de preto de 16,4 M€, para acometer o acondicionamento desta zona, fases A e B de San Paio de Navia, que permitirá a construción dun total de 719 vivendas.

O Goberno galego segue avanzando no seu compromiso da mellora da situación do mercado da vivenda, e na Estratexia de vivenda pública e protexida que prevé, nesta legislatura, duplicar o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA A MELLORA DA ESTRADA OU-212 NO TREITO INTERURBANO DO CONCELLO DE BEARIZ E NA TRAVESÍA DE LIÑARES, EN AVIÓN

- O Executivo autonómico tamén autorizou hoxe o expediente de información pública e o informe das administracións afectadas pola execución desta intervención de mellora da seguridade viaria, que suporá un investimento de máis de 1,3 M€
- Trátase dunha primeira fase de acondicionamento do tramo de algo máis de 6 quilómetros desta vía autonómica que resta por optimizar, entre o centro urbano de Beariz e o desvío ao núcleo do Couso
- No treito interurbano de Beariz ampliarase a plataforma da vía ata os 7 metros entre a capitalidade do concello e o quilómetro 7+350, punto no que se aumentará o radio da curva de 30 a 50 metros
- No municipio de Avión humanizarase a travesía de Liñares, coa renovación das beirarrúas para unha maior accesibilidade, xunto co firme da calzada
- O proxecto incorpora, ademais, a renovación da capa de rodaxe en dous tramos da estrada OU-212 en Avión para dar homoxeneidade á actuación
- O obxectivo é realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras no vindeiro 2025

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para executar a mellora da estrada autonómica OU-212, no seu percorrido polo treito interurbano do concello de Beariz, e na travesía de Liñares, no municipio de Avión.

O Goberno galego tamén autorizou o expediente correspondente aos trámites de información pública e o informe das administracións afectadas pola execución desta actuación de mellora da seguridade viaria, que suporá un investimento de máis de 1,3 M€.

Trátase da primeira fase de acondicionamento do tramo de algo máis de 6 quilómetros desta vía autonómica, entre o centro urbano de Beariz, á altura do punto quilométrico 6+250, e o desvío ao núcleo do Couso, no quilómetro 12+620.

#### **As intervencións que se van executar**

En concreto, nesta primeira fase de acondicionamento, as obras de mellora da estrada no treito interurbano de Beariz consistirán na rectificación da curva do quilómetro 7+350, aumentando o radio de 30 a 50 metros, e na mellora do firme e ampliación da plataforma ata os 7 metros entre a capitalidade do concello e a curva do quilómetro 7+350. Neste tramo, actualmente a OU-212 é unha estrada convencional sen beiravía, con dous carrís por sentido de 3 metros de anchura cada un, nunha contorna interurbana.

A intervención proxectada nesta intervención no treito da vía ao paso polo municipio de Avión céntrase na travesía de Liñares, que vai do quilómetro 8+760 ao 9+610, e será humanizada. Neste treito manterase, en xeral, a distribución da sección actual, pero

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

buscando como obxectivo básico a integración da vía na contorna urbana de Liñares, recuperando a súa identidade urbana e priorizando a figura do peón.

En toda a lonxitude da travesía construíranse beirarrúas e bandas de aparcamento a un mesmo nivel, cun cambio no acabado do pavimento e separación por bordo de 10 centímetros de anchura. Este deseño facilita que toda esta superficie poida ser utilizada polos peóns, tamén as bandas de aparcadoiro cando estas non estean ocupadas por vehículos.

Ademais, o bordo que separará estas zonas da beirarrúa e o aparcadoiro da calzada elévase unicamente 2 centímetros sobre a rodadura, continuando así coa percepción dun espazo onde o peón cobra maior importancia.

En dúas zonas concretas, do quilómetro 8+925 ao 8+950 e do 9+200 ao 9+255, unifícase o pavimento de toda a sección, creando unha plataforma compartida con prioridade peonil ante a escasa anchura das beirarrúas actuais.

A actuación incluírá outras melloras complementarias, como o acondicionamento dos accesos existentes á estrada OU-212, a renovación da iluminación e das varandas de protección peonil, así como a reposición de servizos afectados e a renovación da sinalización, adecuándoa ao novo deseño da vía.


Tamén, froito das reunións previas cos responsables dos concellos durante a planificación e redacción do proxecto, inclúese nesta intervención a renovación da capa de rodaxe de dous tramos da OU-212, para dar homoxeneidade á actuación, entre os puntos quilométricos 10 e 11 e entre os quilómetros 15 e 15+500, dentro do termo municipal de Avión.

A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras no vindeiro ano 2025. O prazo para a realización dos traballos é de 14 meses.

O Goberno galego continúa traballando para darlle continuidade ás sucesivas melloras levadas a cabo nos últimos anos nesta vía autonómica, que une a N-541 na Ermida coa OU-504 en Beade, e que é o principal acceso ás capitalidades dos concellos de Avión, melloras nas que a Xunta leva investido un total de 6,8 M€.

Ámbito da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



*Treito de actuación en Beariz con rectificación da curva do quilómetro 7+350*



*Treitos da actuación da 1ª fase*

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA UN PROGRAMA DE MEDIDAS PARA MELLORAR A XESTIÓN E CONTROL DAS INCAPACIDADES TEMPORAIS**

- Avanza que a partir de setembro poranse en marcha medidas para optimizar o seguimento das baixas, mellorando a asistencia sanitaria aos afectados e reducindo os trámites burocráticos
- Os partes médicos de incapacidade temporal xa incluírán a cita para a próxima consulta de recoñecemento
- Despois do verán, os servizos de Admisión dos hospitais emitirán os partes de baixa dos pacientes que teñan programado o ingreso para seren operados
- Reforzarase a colaboración coas mutuas colaboradoras da Seguridade Social e, a partir de outubro, as probas realizadas por elas incorporaranse á historia clínica electrónica dos pacientes Sergas para garantir unha continuidade asistencial áxil
- Intensificarase a actividade inspectora mediante citacións presenciais e apoio aos médicos prescritesores da incapacidade temporal

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou hoxe un programa de medidas para mellorar a xestión e o control dos procesos de incapacidade temporal, que permitirá optimizar o seguimento das baixas, mellorando a asistencia sanitaria aos afectados e reducindo os trámites burocráticos asociados, beneficiando tanto os pacientes como o persoal sanitario.

Rueda cualificou esta iniciativa como “un acordo importante”, que permitirá que a partir de setembro toda a xestión das baixas sexa “máis operativa, máis eficiente e máis áxil”. Para conseguilo, adoptaranse unha “serie de medidas para mudar algunhas das prácticas que se viñan desenvolvendo ata o de agora”

Tal e como explicou o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, o obxectivo principal é “racionalizar, simplificar e por tanto axilizar” todo o proceso para volvelo “máis eficiente tanto para o paciente que solicita a baixa, como para o facultativo que a prescribe, como para o sistema que é o que o paga”.

Así, os partes médicos emitidos polo facultativo de atención primaria que estiman a duración do proceso de incapacidade temporal e establecen a data do próximo recoñecemento deberán fixar a correspondente cita presencial para a consulta. Deste xeito evítase que o paciente deba solicitar a cita cando se achegue a data e que poida non atopar ocos dispoñibles, o que podería dar lugar a una prolongación innecesaria da situación de incapacidade temporal.

Na mesma liña de reducir trámites, a partir do mes de setembro os médicos dos servizos de Admisión dos hospitais do Servizo Galego de Saúde emitirán os partes médicos dos pacientes programados para ingreso por intervención cirúrxica. Isto evitará a sobrecarga nos distintos servizos hospitalarios. O pasado ano xa se realizou un proxecto piloto cos servizos de traumatoloxía e de uroloxía no Complexo Hospitalario

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Universitario de Santiago de Compostela para tramitar as baixas de pacientes que ingresan por urxencias.

Co mesmo obxectivo de reducir a carga de traballo a médicos de atención primaria e evitar desprazamentos aos pacientes, a través da plataforma É-Saúde estarán dispoñibles os partes de pacientes con fracturas, seguindo as táboas de duración estándar do programa de xestión e control da incapacidade temporal, polo menos nos casos de longa duración, é dicir, de máis de 60 días. Paralelamente, no caso de baixas por procedementos patalóxicos oncolóxicos, está previsto que a partir do último trimestre de 2024 os partes se emitan de forma automática tendo en conta os controis que determine o Servizo de Oncoloxía do hospital correspondente.

Tamén se reforzará a colaboración, unha medida que o conselleiro de Sanidade cualificou como “moi importante”, coas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social. Así, nos procesos pendentes da realización de probas ou procedementos, as mutuas poderán realizar as ditas probas, para o que se fixa un prazo medio de 8 días. A Consellería de Sanidade incorporará á historia clínica electrónica do paciente esas probas ou procedementos para garantir unha continuidade asistencial áxil. Ata o de agora esas probas fanse despois igualmente polo Servizo Galego de Saúde, malia que xa foron realizadas pola mutua. En 2023, as probas prescritas polo Servizo Galego de Saúde e autorizadas pola Inspección para ser realizadas polas mutuas foi de 11.218. No primeiro semestre de 2024, foron autorizadas 5.401 probas.

Ademais destas medidas que a Xunta está a desenvolver, a Consellería de Sanidade planifica a creación de unidades asistenciais especializadas para controlar os procesos de incapacidade temporal de patoloxías músculo-esqueléticas e de psiquiatría menor, “que representan a maior carga de procesos de baixa temporal no noso entorno”. O obxectivo é diminuír a duración dos tempos daqueles procesos que excedan do tempo óptimo de duración. Para iso, elaborárase un plan que inclúa o persoal sanitario necesario, outros medios e indicadores de seguimento e resultados.

### **Intensificación da actividade inspectora**

Ademais, a Consellería de Sanidade vén de iniciar un programa de intensificación da actividade inspectora a través de dúas medidas, as citacións presenciais na Inspección de servizos sanitarios e a creación en servizos centrais dunha unidade de apoio aos médicos prescritores dos procesos de incapacidade temporal.

Así, na data do 22 de xullo, 56.825 procesos de incapacidade temporal estaban activos. Nos dous meses anteriores a esa data, a inspección citou para control a máis do 10 % deses procesos dos que preto dun 40 % cursaron alta.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA FIXA AS CONDICIÓNIS QUE DEBERÁN SEGUIR OS PROVEDORES DOS SERVIZOS SANITARIOS NA ÁREA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS**

- O Consello da Xunta autoriza a licitación dun acordo marco, con varios adxudicatarios, para a prestación de servizos de uso común en todos os centros da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras por un importe de 29 M€
- Os servizos recollidos neste acordo marco resultan imprescindibles para dar unha axeitada asistencia sanitaria a pacientes do Servizo Galego de Saúde con carácter complementario aos propios
- O servizo de asistencia sanitaria complementaria aos usuarios do Servizo Galego de Saúde prestarase a toda a poboación da área coas mesmas garantías, reducindo as desigualdades, homoxeneizando e mellorando o acceso ás prestacións complementarias
- Con esta contratación mellórase a calidade da asistencia sanitaria, así como a redución das listas de espera para a realización de intervencións cirúrxicas

O Goberno galego autorizou hoxe a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, do acordo marco mediante procedemento aberto con varios adxudicatarios da prestación de servizos sanitarios da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, que atende unha poboación de preto de 300.000 cidadáns. O orzamento de licitación é de 29.025.000 euros.

Esta contratación, que ten unha duración de catro anos, ten como finalidade a prestación de servizos sanitarios á poboación, tanto de tipo preventivo como asistencial e rehabilitador, de especial relevancia debido ao aumento da esperanza de vida, á cronicidade dos procesos e á presenza de dependencia e de discapacidades.

O impacto que desde o ano 2020 provocou a pandemia da COVID obrigou á reorganización do sistema sanitario para afrontar o importante incremento de pacientes xerados por esta enfermidade, sen deixar de atender o resto de doentes.

O obxecto do presente acordo é fixar as condicións a que terán que axustarse os provedores de servizos sanitarios que se vaian seleccionar, os prezos unitarios máximos e fixar o procedemento de adxudicación dos contratos.

Os servizos sanitarios que se proporcionarán á poboación inclúen as seguintes prestacións: procesos área médica; procesos cirúrxicos de alta, media e baixa complexidade; procesos cirúrxicos sen sangue; cirurxía menor ambulatoria; cirurxía maior ambulatoria; próteses implantables; terapia de logopedia; procedementos de diagnóstico ambulatorios; neurorehabilitación e consultas.

Estímase o acordo marco como o procedemento máis idóneo, por ser o mellor sistema para os efectos de racionalización da contratación pública e acadar unha mellor eficiencia na tramitación dos expedientes, ao tratarse de prestacións de servizos de uso común en todos os centros sanitarios desta área.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os servizos obxecto deste acordo marco resultan imprescindibles para dar unha axeitada asistencia sanitaria a pacientes do Servizo Galego de Saúde, con carácter complementario dos servizos propios. Trátase de prestacións incluídas na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde.

Por razóns de accesibilidade dos pacientes, o servizo de asistencia sanitaria complementaria aos usuarios do Servizo Galego de Saúde prestarase a toda a poboación desta área coas mesmas garantías, reducindo as desigualdades sanitarias, e homoxeneizando e mellorando o acceso dos usuarios ás prestacións complementarias.

Así mesmo, con esta contratación mellórase a calidade da asistencia sanitaria, así como a redución das listas de espera para a realización de intervencións cirúrxicas, ademais de velar polo cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e control do gasto, levando a cabo unha eficiente utilización dos fondos públicos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA PRORROGA ATA FINAIS DE ANO O CONCERTO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS CO HOSPITAL POVISA DE VIGO**

- A Consellería de Sanidade destinará 27,8 millóns de euros a estender durante 4 meses o contrato asinado con esta entidade
- Na actualidade, o Hospital Povisa presta cobertura sanitaria a 119.000 cidadáns da área de Vigo, atendendo as necesidades médicas, cirúrxicas e diagnósticas das persoas que optaron por adscribir a súa tarxeta sanitaria a este centro hospitalario
- O Executivo galego está a avaliar as necesidades que posúe na actualidade a poboación da Área Sanitaria de Vigo e ultima a redacción dos pregos para iniciar a nova contratación

O Consello da Xunta autorizou esta mañá prorrogar por razóns de interese público, e ata o vindeiro día 31 de decembro (ou data anterior no caso de que se adjudique antes desa data o novo contrato), o concerto asinado entre o Servizo Galego de Saúde e o Hospital Povisa para a prestación de servizos de asistencia sanitaria especializada na área de Vigo. Así, o Executivo galego destinará unha partida de 27.895.000 euros á extensión deste concerto.

O Servizo Galego de Saúde está a ultimar a análise sobre cales son as necesidades asistenciais que posúen actualmente a cidade olívica e súa poboación, co ánimo de actualizar a carteira de servizos que se deben incluír na futura contratación.

O departamento sanitario da Xunta xa está a traballar na redacción dos novo pregos de contratación cos que se iniciará o novo procedemento.

En setembro do ano 2014 a Xunta e o Hospital Povisa asinaron un concerto para a prestación da asistencia sanitaria especializada aos beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, e que así o elixiran.

Unha vez se acade a extensión máxima da prórroga vixente o vindeiro 31 de agosto, ambas as partes acordaron ampliar por un período de catro meses a extensión deste concerto, namentres se ultiman as cláusulas do novo procedemento.

O Hospital Povisa de Vigo presta na actualidade cobertura sanitaria a un total de 119.000 persoas que, libremente, decidiron adscribir a súa tarxeta sanitaria a este centro hospitalario. Así, esta entidade atende as necesidades sanitarias desta poboación no que atinxe ás consultas médicas, a asistencia cirúrxica, a súa hospitalización, a realización de probas diagnósticas e terapéuticas, ou a atención de urxencias hospitalarias.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 4 M€ AO FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE DAS PERSOAS CON TRASTORNOS ADITIVOS**

- O Consello de Xunta autorizou hoxe a renovación da colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias para o mantemento das actividades das Unidades de Atención á Drogodependencia de titularidade municipal
- O Goberno galego e a Fegamp están a avanzar no proceso para a integración destas unidades no Servizo Galego de Saúde
- Ao abeiro deste convenio, as unidades asistenciais de drogodependencias, de titularidade dos concellos cos que se colabora, atenderon no ano 2023 arredor de 7.200 pacientes

A Xunta destinará máis de 4 millóns de euros ao financiamento dos programas municipais de atención e protección da saúde das persoas con trastornos aditivos.

Así se recolle no convenio de colaboración, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; a Consellería de Sanidade; o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a realización de programas de atención e protección da saúde, por un importe de 4.022.800 euros.

O obxecto deste convenio, que agora se renova, establece as condicións que rexen a relación entre a Xunta, a Fegamp e os concellos que se adhiran e acepten as bases que regulan o financiamento e desenvolvemento de programas de axudas para unidades asistenciais de drogodependencias e unidades de día.

O Executivo galego dá así continuidade aos servizos que xestionan as entidades locais no relativo a prestacións de atención sanitaria aos trastornos adictivos existentes en cada unha delas e fortalece unha asistencia sanitaria accesible e de calidade, fomentando a promoción da saúde e ampliando as medidas para evitar ou diminuír o consumo de substancias prexudiciais para a poboación galega.

Paralelamente, a Xunta e a Fegamp están a avanzar no proceso destinado a acadar a integración das unidades de atención á drogodependencia no Servizo Galego de Saúde. A pasada semana tivo lugar unha xuntanza na que se constituíron dous grupos de traballo centrados no persoal e nos inmobles afectados pola integración, co obxectivo de sentar as bases para iniciar o proceso.

Mentres tanto, o Goberno galego seguirá financiando a actividade destas unidades a través do convenio agora renovado. Así, a Fegamp, como entidade colaboradora e representante única de todos os concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos adictivos, recibirá os fondos da Xunta e será a encargada de transferilos aos concellos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este convenio tamén se lle dá continuidade á implicación das entidades locais na prestación de servizos esenciais para un sector da poboación que padece trastornos adictivos, mantendo a proximidade dos usuarios a este tipo de servizos terapéuticos e facilitando a atención a través de dispositivos de carácter municipal ou comarcal.

A intervención de asistencia sanitaria e atención aos trastornos adictivos, que se fará a través das unidades asistenciais de drogodependencias e as unidades de día, comprenderá, entre outras funcións, as de indicación ou prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos; atencións de saúde mental e a asistencia psiquiátrica e psicolóxica; rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable; a educación para a saúde no seu ámbito de actuación; a participación nos sistemas de vixilancia e información; a participación na docencia, a formación continuada e a investigación, así como a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia, en coordinación co sistema de servizos sociais, e a participación nas accións de coordinación cos centros de atención primaria.

Os dispositivos sanitarios dos concellos incluídos no ámbito de aplicación deste convenio cumprirán as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde.

Ao abeiro deste convenio as unidades asistenciais de drogodependencias, que son de titularidade dos concellos cos que se convenia, atenderon no ano 2023 arredor de 7.200 pacientes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DESTINA PRETO DE 850.000 € Á CONSERVACIÓN DE SETE IGREXAS

- O Consello da Xunta dá luz verde os convenios coa Arquidiocese de Santiago de Compostela, dotado con preto de 700.000 €, e de Lugo con máis de 145.000 €
- Actuarase na colexiata de Santa María do Campo na Coruña e nas igrexas de Bugallido en Ames, de Santa Cristina de Fecha en Santiago, de Santiago do Deán na Pobra do Caramiñal, de Luou en Teo, e na de San Martiño de Rodís en Cerdeda
- No caso de Lugo, o obxectivo desta colaboración é levar a cabo traballos de protección e reparación da igrexa de Santalla de Rebordaos, no Saviñao
- Estas actuacións encádranse no compromiso do Goberno galego de contribuír á axeitada protección do patrimonio artístico e histórico co que conta Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe os convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e as dioceses de Santiago de Compostela e Lugo para contribuír a actuacións de conservación e mantemento de sete igrexas da súa titularidade que forman parte do patrimonio cultural de Galicia. Trátase dun acordo que, no seu conxunto, supón un investimento de case 850.000 € para realizar intervencións de protección, conservación e rehabilitación nestes bens patrimoniais ao longo do ano.

No caso de Santiago de Compostela, o Goberno galego destinará preto de 700.000 euros a intervencións de conservación dunha colexiata e de cinco igrexas parroquiais pertencentes á Arquidiocese de Santiago de Compostela e que están protexidos polo seu valor patrimonial. Deste xeito, serán obxecto de intervencións de restauración a colexiata de Santa María do Campo na Coruña e as igrexas de Bugallido en Ames, de Santa Cristina de Fecha en Santiago, de Santiago do Deán na Pobra do Caramiñal, de Luou en Teo, e a de San Martiño de Rodís en Cerdeda.

A colexiata de Santa María do Campo da Coruña é o único destes seis bens patrimoniais que está declarado Ben de Interese Cultural con categoría de monumento. É un templo de orixe románica tardía e son de gran importancia a portada principal e o seu tímpano. Así, ao abeiro deste acordo, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude destina máis de 63.000 € euros a restauración da súa lanterna e a execución de pequenas actuacións de conservación.

#### **250.000 euros na igrexa de Santiago do Deán na Pobra**

A maior partida do convenio coa Arquidiocese de Santiago está dirixida a levar a cabo a terceira fase da restauración da igrexa de Santiago do Deán, na Pobra da Caramiñal, onde está previsto actuar nas bóvedas e paramentos interiores cun investimento de 250.000 €. Trátase dun ben de grande interese polo valor histórico dalgúns dos seus elementos construtivos e ornamentais. En concreto, cómpre resaltar as pezas escultóricas do exterior da igrexa, entre as que destaca a do apóstolo Santiago de estilo románico, a modo da do Pórtico da Gloria.

#### **Actuacións nas igrexas de Cerceda, Ames, Santiago e Teo**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra parte, posibilitaranse actuacións na nave e ábsida da igrexa de San Martiño de Rodís, en Cerceda, cun investimento de case 160.000 € que se achegarán en dúas partidas entre os anos 2024 e 2025. No concello de Ames, pola súa banda, o obxectivo das actuacións será a mellora do mantemento e conservación da fachada principal e a torre da igrexa parroquial de Bugallido. A intervención contará con 105.000 € que serán sufragados polo Departamento de Cultura.

Outra das accións incluídas neste convenio é a restauración, cunha achega de case 45.000 €, do campanario da igrexa barroca de Santa Cristina de Fecha, en Santiago de Compostela, despois de que no 2022 un raio caese sobre el, desfecendo toda a estrutura. Finalmente, tamén se inclúen dentro das actuacións a reparación de humidades na igrexa de Luou, no municipio de Teo, por valor de preto de 30.000 €

### **Convenio coa Diocese de Lugo**

O Consello da Xunta tamén lle deu hoxe visto e praxe a un convenio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa Diocese de Lugo para a reparación da igrexa de Santalla de Rebordos, no municipio lucense do Saviñao.

Destinaranse máis de 145.000 € euros á rehabilitación desta igrexa con consideración de monumento e que ten unha significativa relevancia social, ademais dun interese sobresaínte, xa que forma parte dos bens culturais que caracterizan a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, candidata de España para ser declarada Patrimonio da Humanidade en 2026.

### **Compromiso coa protección do patrimonio**

As intervencións recollidas en ambos os dous convenios están incluídas no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia, que ten como obxectivo conservar o patrimonio cultural galego e que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico.

De igual xeito, estas actuacións encádranse dentro do compromiso do Goberno galego de contribuír á axeitada protección do patrimonio artístico e histórico co que conta a comunidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA A REDE DE CENTROS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO CO OBXECTIVO DE POTENCIAR A SÚA OFERTA E FAVORECER A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS SEN TRABALLO

- O Consello informou hoxe da oferta formativa para desempregados -composta por 213 cursos- que se impartirá nos 14 centros dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, coa que se beneficiará a 3.195 persoas ao longo de dous anos
- Dotada con máis de 7 M€, a orde incorpora, como novidade, o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia en Santiago para impulsar as competencias no eido das TIC
- As accións formativas, correspondentes aos graos B e C, están destinadas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas e abranguen 213 cursos de 16 familias formativas, acordes ás necesidades do tecido laboral galego
- Esta medida súmase ás axudas a entidades de formación para impartir cursos dirixidos a desempregados na convocatoria 2024-2025, cun orzamento de 76 millóns de euros, o máis alto dos últimos 15 anos

O Consello da Xunta informou hoxe do procedemento de contratación de novas accións formativas para desempregados nos centros públicos de formación profesional dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, coa que se agarda beneficiar a 3.195 persoas ao longo de dous anos. Con esta medida, o Goberno galego busca contribuír a mellorar as capacidades profesionais dos cidadáns para facilitar a súa empregabilidade e inserción no mercado laboral, satisfacendo á vez as súas aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal. Ademais, persegue incrementar o número de persoas cualificadas e competentes profesionalmente, dando resposta ás necesidades do sistema produtivo para cubrir as vacantes existentes, especialmente elevadas nos niveis intermedios.

O orzamento supera os 7 millóns de euros e divídese en 16 lotes formativos, axustados ás demandas das persoas traballadoras sen emprego e do tecido produtivo da área xeográfica nas que se localizan os diferentes centros. Este investimento súmase ás axudas -abertas ata o 9 de agosto- a entidades de formación para impartir cursos dirixidos a desempregados na convocatoria 2024-2025, cun orzamento de 76 millóns de euros, o máis alto dos últimos 15 anos e co que se aspira cualificar unhas 18.000 persoas sen traballo.

#### **Rede de centros de formación para o emprego**

A presente oferta constará de 213 cursos e impartirase nos 14 centros de formación para o emprego dependentes da Consellería, espallados polas catro provincias galegas e dotados dos medios materiais e didácticos necesarios para impartir axeitadamente os coñecementos teóricos e prácticos que se requiren para acadar unha formación profesional de calidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre eles destaca como novidade deste ano a incorporación do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) en Santiago. Deste xeito, impúlsase a impartición de accións formativas do sector das tecnoloxías da información que sexan acreditables e acumulables na familia da informática e as comunicacións.

Os outros 13 son os centros de formación profesional ocupacional de Ferrol, Lugo e Viveiro; a escola de formación profesional marítimo-pesqueira de Bueu; o centro de formación de Labañou (A Coruña); as unidades de acción formativa de Ames, Negreira, Melide e Monforte de Lemos; e os centros integrados de formación profesional de Santiago, Santa María de Europa-Ourense e Coia-Vigo.

### **Aposta pola formación certificable**

Estas accións formativas, correspondentes aos graos B e C -certificados de competencia e profesionais respectivamente-, están destinadas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas. Tamén poderán participar persoas traballadoras ocupadas, inscritas en mellora de emprego, ata un límite do 30% do total de participantes de cada lote, sempre e cando as prazas non se cubran co alumnado en situación de desemprego.

A modalidade de impartición será presencial, aínda que tamén se contempla a virtual sempre e cando non supere o 30% do total da acción formativa, a excepción do lote de competencias clave, que será, necesariamente, impartido coa presenza física do alumnado.

Os cursos -que contarán cun máximo de 15 alumnos e alumnas- agrúpanse en 16 familias profesionais: administración e xestión, especialidades agrarias, comercio e marketing, electricidade e electrónica, enerxía e auga, fabricación mecánica, hostalería e turismo, imaxe persoal, industrias extractivas, informática e comunicacións, instalación e mantemento, madeira, moble e cortiza, seguridade e medio ambiente, servizos socioculturais e á comunidade, transporte e mantemento de vehículos e competencias clave. A través destas accións, os alumnos e alumnas poderán obter os certificados profesionais con validez en todo o Estado ou adquirir as competencias clave necesarias (lingua galega, castelá, inglés e matemáticas) para poder optar a determinados cursos.

A Xunta continúa así a reforzar a formación para o emprego co reto principal de axustar as accións formativas aos perfís que demanda o tecido produtivo e de dar resposta, deste xeito, ás vacantes que existen no mercado laboral.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LANZA A PRIMEIRA CONVOCATORIA DE MICROFORMACIÓNS A DEMANDA PARA ATENDER AS NECESIDADES ESPECÍFICAS DAS EMPRESAS GALEGAS**

- O Consello aprobou hoxe unha convocatoria pioneira destinada ao financiamento de accións formativas para as persoas traballadoras, que as empresas poderán solicitar de xeito inmediato a través das entidades e centros de formación acreditados
- Así, unha empresa poderá seleccionar e fragmentar de xeito cirúrxico a demanda formativa para os seus traballadores, e poderá escoller desde a amplitude dun grao C -entre 600 e 1.000 horas- ata unha microformación concreta de 40 horas dun grao A
- Deste xeito, unha compañía do sector naval poderá solicitar un curso sobre documentación técnica para construción e reparación naval, grao B, ou centrarse unicamente nun módulo incluído nese curso de deseño 2D e 3D, grao A
- Cun orzamento de 4 millóns, a Xunta reforza así a súa aposta polas microformacións como unha ferramenta estratéxica para cubrir as vacantes do mercado, reforzar a competitividade das empresas e facilitar o crecemento profesional

A Xunta avanza no seu compromiso firme coas microformacións como unha ferramenta estratéxica clave para atender as necesidades das empresas, incrementar as oportunidades das persoas traballadoras, ofrecer solucións efectivas inmediatas para cubrir as vacantes laborais e facilitar as transicións profesionais nos sectores con maior impacto e futuro do mercado. Neste contexto, o Consello do Goberno galego aprobou hoxe, cun orzamento de 4 millóns de euros, unha convocatoria pioneira destinada especificamente ao financiamento de accións formativas a demanda do tecido produtivo galego e dirixidas a persoas traballadoras ocupadas.

Nesta liña, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración dálle con esta orde un novo pulo á súa aposta polas experiencias curtas de aprendizaxe, xa que ademais de incentivar a obtención de certificados profesionais (grao C), recolle tamén de xeito decisivo as formacións de curta duración (grao B, certificados de competencia) e as microformacións (grao A, certificados de acreditación parcial) co obxectivo de garantir, sen rixidez e de xeito áxil e inmediato, a adquisición de novos coñecementos requiridos hoxe polas empresas galegas. Isto permitirá reforzar a capacitación dos traballadores, fomentando o seu crecemento profesional, e cubrir os perfís relacionados coas competencias e habilidades máis demandadas polo tecido empresarial.

A flexibilización da formación é un eixe estrutural do Goberno autonómico galego na súa política de emprego, aliñada co sistema de microcredenciais polo que avoga Europa, como un instrumento fundamental para fomentar máis e mellor emprego de calidade, así como dar resposta a grandes retos como a adecuación da oferta e da demanda.

Así, grazas a esta convocatoria, unha empresa poderá solicitar, segundo as súas necesidades, unha formación ampla de grao C -entre 600 e 1.000 horas- nun determinado ámbito, e poderá fragmentar de xeito máis cirúrxico a súa demanda,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

optando só por un módulo de entre 200 e 300 horas (grao B) ou mesmo un tema concreto incluído nese mesmo módulo, arredor das 30 ou 40 horas (grao A). Por exemplo, unha entidade do sector TIC poderá requirir para os seus traballadores, a través das entidades e centros de formación acreditados, unha formación específica sobre instalación e mantemento de sistemas domóticos (grao B) ou acotalo aínda máis a unha microacreditación centrada exclusivamente en conectividade dun proxecto destas características (grao A); ou unha compañía do sector naval, demandar un curso sobre documentación técnica para construción e reparación naval ou centrarse unicamente no módulo de deseño 2D e 3D.

### **Detalles da convocatoria**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia non competitiva. Para poder beneficiarse da axuda, as entidades ou centros de formación acreditados deberán presentar, xunto coa solicitude, un compromiso previo de participación dun número de alumnos mínimo: 10 no caso de formacións presenciais e 15, en modalidade de teleformación. Deste xeito, búscase que a aprobación da contía estea determinada pola demanda efectiva das persoas alumnas participantes de xeito directo.

A contía da subvención por cada acción formativa calcularase en función do alumnado participante, das horas de formación, da especialidade formativa ou da modalidade de impartición, podendo outorgarse ás entidades anticipos do 60 %.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, prevista para os vindeiros días, ata o 31 de outubro de 2024, sendo a data límite para o remate das accións formativas o 30 de novembro.

### **Impulso ao emprego de calidade**

A Xunta está comprometida co mantemento dun mercado laboral dinámico e inclusivo, apostando pola microformación e as novas tecnoloxías, como a ferramenta de intelixencia artificial EMI coa que se está a modernizar o Servizo Público de Emprego, para cubrir as vacantes do mercado e casar de xeito máis efectivo oferta e demanda.

Neste contexto, destacan outras iniciativas como o Bono Talento Empresa, dotado con dous millóns de euros. Con esta medida fináncianse formacións non regradas de curta duración, axustadas ás necesidades particulares de cada empresa e tendo moi en conta a exigencia da recualificación profesional constante das persoas traballadoras en activo. As solicitudes poden presentarse ata o vindeiro 16 de setembro.

Ademais, a Administración autonómica ten asinados convenios cos principais clústeres galegos e entidades representativas de doce sectores estratéxicos para continuar a impulsar unha formación flexible e axustada á demanda do tecido produtivo, adaptándoa ás transformacións de cada un deles. O obxectivo é promover unha oferta que dea resposta ás necesidades de competencias nun mercado laboral en continuo cambio.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINARÁ 1,7 M€ PARA A PROMOCIÓN DO VIÑO GALEGO EN TERCEIROS PAÍSES, UNHA LIÑA DE AXUDAS QUE MOBILIZOU MÁIS DE 8 M€ DENDE 2018 PARA BENEFICIAR 146 PROGRAMAS**

- O obxectivo destas axudas é fomentar o coñecemento das características e calidades dos viños fóra da Unión Europea, co fin de contribuír á mellora da súa competitividade, o que inclúe a apertura, a diversificación ou a consolidación dos mercados deses países terceiros
- Entre os posibles beneficiarios figuran as empresas vinícolas, as organizacións de produtores vitivinícolas e as súas asociacións ou os órganos de xestión e de representación das denominacións de orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) vitivinícolas

A Xunta destinará 1,7 millóns de euros á próxima convocatoria das axudas (2025-2026) para a promoción do viño galego en terceiros países, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o vindeiro 13 de agosto. O Consello do Goberno galego tomou hoxe razón dun informe da Consellería do Medio Rural sobre estas subvencións. Ademais, o documento avaliado hoxe polo Executivo autonómico recolle que nos últimos sete anos (dende 2018 ata o 2024), xestionáronse dentro desta liña de 8,3 millóns de euros, que axudaron a realizar un total de 146 programas de promoción.

O obxectivo destas axudas é apoiar o sector vitivinícola galego na promoción do viño en terceiros países (fóra da Unión Europea), ao abeiro da Intervención sectorial vitivinícola (ISV), que á súa vez se enmarca no Plan estratéxico nacional da política agrícola común (PAC) do Reino de España 2023-2027. Trátase de fomentar o coñecemento das características e calidades dos viños, co fin de contribuír á mellora da súa competitividade, o que inclúe a apertura, a diversificación ou a consolidación dos mercados deses países.

Entre os posibles beneficiarios destas axudas figuran as empresas vinícolas, as organizacións de produtores vitivinícolas e as súas asociacións, as organizacións interprofesionais, ou os órganos de xestión e de representación das denominacións de orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) vitivinícolas, así como as súas asociacións.

Tamén poderán recibir axuda as asociacións temporais ou permanentes de produtores que teñan entre os seus fins o desenvolvemento de iniciativas en materia de promoción e comercialización do viño, as cooperativas que comercialicen viños elaborados por elas ou polos seus asociados ou as entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas exclusivamente por empresas do sector vitivinícola que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A promoción do viño galego en terceiros países repercute positivamente na súa comercialización e internacionalización, o que contribúe a mellorar o sector vitivinícola da nosa comunidade en particular e o agro galego en xeral.

### **Apoio xeral ao sector**

Estas achegas súmanse a outras liñas como as de reestruturación e reconversión do viñado, que teñen como finalidade incrementar a competitividade das explotacións vitícolas, dotadas cun orzamento de 4 millóns de euros para 2024; ou as destinadas para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, cun montante de 4,5 millóns de euros. En total, en 2024 falamos dun apoio de 10 millóns para o sector, sen contar a promoción.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA MOBILIZA MÁIS DE 1,2 M€ EN AXUDAS A PERSOAS MARISCADORAS A PÉ AFECTADAS POLA PARALIZACIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA**

- Deste xeito o Goberno galego abre unha nova liña de axudas para os profesionais do marisqueo a pé pertencentes aos plans de xestión das confrarías de Cariño, Noia, Rianxo, Cabo de Cruz, Vilanova de Arousa, Redondela, Arcade, Vilaboa, Lourizán, Raxó, Pontevedra, Carril e da Asociación de Mariscadoras de Fonte de Santa Helena de Baldaio
- A finalidade destes apoios é compensar os efectos derivados de implantar a veda temporal como medida técnica de conservación dos recursos mariños que supuxo a suspensión temporal da actividade marisqueira

O Consello da Xunta tomou razón da habilitación dunha nova liña de axudas por valor de máis de 1,2 millóns de euros, cofinanciados nun 70 % a través do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), en apoio aos profesionais de marisqueo a pé das confrarías de Cariño, Noia, Rianxo, Cabo de Cruz, Vilanova de Arousa, Redondela, Arcade, Vilaboa, Lourizán, Raxó, Pontevedra, Carril e da Asociación de Mariscadoras de Fonte de Santa Helena de Baldaio.

Estas achegas autonómicas están destinadas ás persoas titulares de permisos de explotación de marisqueo a pé para recursos marisqueiros xerais que participen nos plans de xestión onde se implantou no primeiro semestre de 2024 a veda temporal como medida técnica de conservación de recursos que supuxo a suspensión temporal da actividade marisqueira. As potenciais beneficiarias deben ter acumulado unha actividade extractiva (días de actividade) de, polo menos, 120 días durante os anos 2022 e 2023 e non ser receptoras doutras axudas ou prestacións como o cesamento de actividade ou que non se atopen en estado de incapacidade temporal.

O importe máximo da axuda concedida será unha cantidade que se calculará multiplicando o baremo aplicable por cada día de parada da actividade marisqueira realizado no período de referencia. O baremo da axuda por día de parada será o 90 % do nivel de ingresos medios da actividade extractiva das persoas mariscadoras a pé do colectivo «marisqueo xeral» entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño durante os 3 anos civís anteriores, agás períodos extraordinarios. Dado que o valor dos ingresos medios é de 91 euros, o baremo da axuda por día é de 81,9 euros.

A finalidade destes apoios é compensar a ausencia de ingresos por esta actividade de marisqueo no tempo destes peches dos bancos e que supuxo un quebranto dende o punto de vista económico e social para este colectivo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE MOAÑA FINANCIARÁN A REFORMA DA NAVE DE DEPORTES NÁUTICOS DA SOCIEDADE DEPORTIVA TIRÁN**

- Portos de Galicia, Deportes e o Concello asinarán un convenio para sufragar a partes iguais entre os 3 organismos a actuación, orzamentada en 330.000 euros
- O organismo portuario licitará e executará as obras e a Administración local asumirá o posterior mantemento do espazo

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, a Consellería de Presidencia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Moaña, asumirán a financiación da reforma da nave de deportes náuticos do porto moañés no que desenvolve a súa actividade a Sociedade Deportiva Tirán. A colaboración a tres bandas artellarase a través dun convenio de colaboración que vén de autorizar esta mañá o Consello da Xunta.

A actuación supón un investimento de 330.000 euros que sufragarán a partes iguais as 3 entidades promotoras. Ademais, a Secretaría Xeral para o Deporte asumiu a redacción do proxecto, mentres que Portos de Galicia licitará e executará as obras e o Concello de Moaña encargárase do posterior mantemento do espazo unha vez rematados os traballos.

Segundo recolle o proxecto, a reforma da nave incluirá a ampliación do edificio en planta baixa, cunha nave cuberta e aberta para gardar os remolques de transporte das embarcacións e un novo vestiario accesible na planta baixa. Ademais, nesta planta eliminaranse os desniveis existentes no interior da nave principal para dispoñer dun percorrido integramente practicable.

As obras incluirán tamén a reparación e pintado das fachadas, mellorando a imaxe do edificio, e a reparación dos elementos estruturais das cubertas que se atopan deteriorados. Finalmente, instalaranse un novo sistema de evacuación de augas pluviais e de reforzo en caso de incendio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA A REHABILITACIÓN DO MOSTEIRO DE OIA E DOS FAROS DE CABO SILLEIRO, NO CAMIÑO PORTUGUÉS DA COSTA, PARA DOTALOS DE USOS TURÍSTICOS

- O Consello informa da resolución definitiva das axudas para apoiar iniciativas tractoras que supoñan a reconversión de lugares senlleiros do Camiño de Santiago
- No Mosteiro de Oia favorécese a posta en marcha dun hotel de 4 estrelas e un restaurante, e nos faros de Cabo Silleiro dous restaurantes e un hotel de 2 estrelas
- Xunto a estes proxectos tamén se apoia a rehabilitación integral dun edificio da avenida Alfonso XII en Vigo para acoller establecementos turísticos
- Esta orde de subvencións está incluída no marco do Plan Xacobeo Next Generation e permitirá reforzar a capacidade aloxativa da ruta xacobeá

O Consello da Xunta informou hoxe dos proxectos beneficiarios da liña de axudas convocadas por Turismo de Galicia para apoiar iniciativas tractoras que supoñan a rehabilitación con usos turísticos de lugares senlleiros do Camiño de Santiago. Trátase de subvencións deseñadas polo Goberno autonómico no marco do Plan Xacobeo Next Generation que contaron cun investimento de 5,3 M€ e que supoñen dotar de uso hoteleiro e de restauración o Mosteiro de Oia, a rehabilitación en Cabo Silleiro (Baiona) do faro pequeno para acoller un restaurante e do faro grande para acoller un hotel e tamén restaurante e, en Vigo, a rehabilitación integral dun edificio do paseo Alfonso XII para acoller apartamentos turísticos.

Tratábase dunha convocatoria en concorrencia non competitiva e, unha vez revisados todos os expedientes presentados, comprobouse que o crédito inicial da convocatoria (de 4 M€) faría imposible atender a demanda da totalidade das solicitudes presentadas, polo que se realizou unha ampliación ata os 5,3 M€ para conceder a subvención ao maior número de beneficiarios posibles.

#### **Hotel e restaurante en Oia**

A resolución inclúe un primeiro proxecto concedido á empresa Residencial Mosteiro de Oia, S..A, que suporá dotar o Mosteiro de Oia de restaurante cunha axuda de 1,8 M€. Tamén se aprobou o proxecto para establecemento hoteleiro de 4 estrelas no Mosteiro de Oia, neste caso cunha subvención de 2,2 M€, e que prestará os seus servizos aos hóspedes aloxados e público en xeral.

No conxunto consérvase o corpo da igrexa parroquial de Santa María de Oia, que se atopa totalmente independizada á súa vez do espazo destinado ao uso hoteleiro e de restauración, de xeito que non coincidirá a circulación dos usuarios turísticos cos asistentes á igrexa.

O espazo dedicado a uso turístico comprende unicamente o recinto pechado intramuros (sendo om predio monacal moito máis extenso), constituíndo un todo homoxéneo, ao que non se pode acceder dende outro punto que non sexan os accesos específicos, controlados, e independizados do hotel e do restaurante. Este proxecto presentouse

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

baixo a tipoloxía de proxectos tractores dinamizadores do turismo cultural e a creación do establecemento turístico vai unida á posta en valor e mellora ou rehabilitación dun ben de interese cultural (BIC) e polo menos un 80 % da capacidade temporal ou espacial anual destinarase a fins culturais. Neste caso concreto a visita pública será todo o ano, de martes a domingo, en horario das 11.00 ás 13.00 e das 16.00 ás 18.00 horas.

### **Dous restaurantes e un hotel en Cabo Silleiro**

Esta liña de axudas tamén sufragará o proxecto presentado por Lighthouse Baiona Sociedad Limitada de rehabilitación do antigo faro pequeno de Cabo Silleiro, en Baiona, para a posta en marcha dun establecemento de restauración coa categoría de 1 garfo. Búscase recuperar a imaxe primitiva e que dea servizo aos visitantes e peregrinos do Camiño Portugués da Costa poñendo o foco na gastronomía local, especialmente os produtos pesqueiros, para o que está previsto que os promotores colaboren coa Confraría de Pescadores da Anunciada de Baiona, así como con asociacións empresariais e institucións da zona. O proxecto prevé que a edificación conte en planta baixa cun comedor interior, e outro exterior situado na terraza perimetral que envolve o edificio. O interior distribuirase en zona de cociña, zona de barra, aseos adaptados e comedor interior. Aproveitarase o espazo baixocuberta como almacén e cuarto de instalacións. A subvención é de 165.477 euros.

Tamén en Cabo Silleiro, pero no Faro Grande, aprobouse o proxecto de rehabilitación para hotel e restaurante. O edificio destinouse a faro, está en funcionamento e pertence á rede de sinalización da ría de Vigo, propiedade da Autoridade Portuaria de Vigo. A rehabilitación proposta para o edificio pretende reestruturar e rehabilitar o interior para poder dedicalo a uso de hotel segundo as normativas actuais coa categoría de 2 estrelas e cualificación superior.

Actualmente o edificio atópase baleiro xa que os avances tecnolóxicos fixeron innecesario o labor de fareiro que antigamente vivía nel. Ademais, xa non é necesario o espazo para talleres, complexas maquinarias e elementos complementarios do uso de sinal marítimo e vivenda do seu encargado de mantemento. Prevese que poida ter 17 cuartos dobres cun total de 34 prazas. Neste caso, a subvención supera os 412.000 €.

### **Máis capacidade aloxativa en Vigo**

O cuarto proxecto aprobado é o presentado por Fyneko Real State Investment Trust, S.L. para a rehabilitación dun edificio no paseo de Alfonso XII, no concello de Vigo, para a posta en marcha de establecementos turísticos. A solicitante achega un proxecto de rehabilitación dun solar onde existía un edificio de planta baixa máis tres plantas e baixo cuberta do que se conservan exclusivamente as fachadas e os muros interiores que configuraban a caixa da escaleira orixinal. Vaise levar a cabo unha rehabilitación integral do inmovible, tanto interior coma exteriormente, respectando a tipoloxía orixinal, conservando a escaleira interior que conectaba todas as plantas.

O proxecto presentado busca impulsar a economía local e promover a excelencia na oferta turística, polo que a empresa presenta acordos con diversas entidades privadas locais de restauración e gastronomía e levaron a cabo negociacións cunha ampla gama

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de restaurantes, bares e empresas de cátering locais. O obxectivo foi establecer unha colaboración que beneficie tanto os hóspedes como os negocios de restauración da zona. Alianza con empresas de actividades ao aire libre e con empresas de turismo activo e deportes de aventura locais. O obxectivo céntrase en deseñar unha oferta de actividades ao aire libre que complementa a estancia dos hóspedes na rexión.

Trátase dun proxecto composto por planta baixa: zona de recepción, lavandería, sala común e un apartamento accesible, planta primeira: tres apartamentos, planta segunda: tres apartamentos, planta terceira: un apartamento tipo dúplex e dous apartamentos tipo estudio, planta baixo-cuberta: un apartamento tipo dúplex. Neste caso a subvención supera os 699.000 € (o 35 % do investimento).

Todas as empresas beneficiarias teñen como data límite o 31 de outubro de 2025 para a realización dos proxectos subvencionados e xustificar a totalidade do investimento subvencionable en virtude do establecido na resolución de concesión que lles foi notificada. As axudas benefician todos os proxectos presentados e permiten mellorar a capacidade aloxativa do Camiño Portugués da Costa, o itinerario Xacobeo que máis está a medrar. No que vai de ano recolleron a Compostela máis de 37.000 peregrinos que realizaron este itinerario, o que supón un incremento de máis do 50 %.

### **Plan Xacobeo Next Generation**

Esta liña de subvencións enmárcase nos distintos proxectos que a Xunta de Galicia está facendo realidade cos fondos europeos que foron asignados á Comunidade galega co Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea. En concreto, forma parte dos 39,2 M€, dos que a Xunta xestiona directamente máis de 31 M€, cos que se puxo en marcha o Plan Xacobeo Next Generation.

Ademais desta liña de axudas, este plan inclúe a sinalización da rede cicloturística Eurovelo, ou o proxecto de revalorización da Ruta Traslatio. Este Plan Xacobeo Next Generation comprende tamén a rehabilitación de 12 BIC do Camiño de Santiago.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINARÁ 620.000 EUROS A APOIAR AS FAMILIAS QUE REDUZAN A XORNADA LABORAL POR COIDADADO DE MENORES E FAVORECER A CORRESPONSABILIDADE**

- A convocatoria deste ano ofrecerá axudas que poden oscilar entre os 1.700 e os 3.700 euros por un período máximo de oito meses
- Está dirixida a todo tipo de unidades familiares con fillas ou fillos de ata 3 anos ou 12 no caso de ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33 %

O Consello da Xunta abordou hoxe un informe sobre a convocatoria de axudas deste ano para compensar a redución da xornada de traballo das familias para atender as súas fillas e fillos de ata 3 anos ou 12 no caso de ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33 %. O Goberno galego destina a estas achegas 620.000 euros e están financiadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027.

O obxectivo desta orde de axudas é fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes. Trátase de conseguir un cambio de tendencia e avanzar cara unha conciliación corresponsable. Con elas, búscase chegar a un maior equilibrio no reparto dos tempos das tarefas dos coidados e, deste xeito, favorecer a empregabilidade e a promoción profesional das mulleres.

Estas axudas están dirixidas a todo tipo de unidades familiares, como as monoparentais, as monomarentais, as integradas por persoas do mesmo sexo e para os homes nos casos de familias de distinto sexo. A súa contía oscila desde os 1.700 aos 3.700 euros, en función da porcentaxe de redución da xornada de traballo e do número de menores a cargo. O máximo período subvencionable será de oito meses, comprendido entre o 1 de agosto de 2023 e o 31 de xullo de 2024. Como novidade, para calcular a axuda terase en conta a porcentaxe máxima de redución da xornada co fin de que esta sexa a máis elevada posible.

#### **Presentación de solicitudes**

A orde de axudas publicárase no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días e as persoas interesadas terán un mes de prazo para solicitálas. No ano 2023, máis de 300 familias recibiron esta achega para o fomento da corresponsabilidade.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ADVIRTE QUE A SAÍDA DE CATALUÑA DO RÉXIME COMÚN SUPORÍA PARA GALICIA UNHA PERDA DE RECURSOS DE 444 M€**

- Destaca que este acordo “vai ir en prexuízo das facendas autonómicas en todos os casos”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, advertiu hoxe que a saída de Cataluña do réxime común, tras o acordo bilateral acadado co Goberno central, suporía para Galicia unha perda de recursos de 444 M€, segundo o cálculo presentado pola Consellería de Facenda e Administración Pública elaborado “desde o punto de vista obxectivo e, polo tanto, contrastable”.

O titular do Executivo galego recordou que, tal e como veñen destacando desde varios territorios, este acordo “vai ir en prexuízo das facendas autonómicas en todos os casos”, de aí que hoxe se presentara este informe para avaliar o seu efecto en Galicia.

Así, segundo o documento que se avaliou esta mañá no Consello, no caso de que se mantivese o actual modelo de financiamento autonómico, pero sen Cataluña, a Comunidade galega perdería 270 millóns de euros anuais do Fondo de Garantía, que asegura que as CC.AA. con maiores niveis de ingresos contribúan ás que por poboación axustada ingresan menos; e perdería tamén 83 millóns de euros do Fondo de Cooperación.

Así mesmo, tal e como se desprende do informe, esta nova situación comprometería tamén as transferencias de financiamento finalistas que reciben as comunidades, como son o financiamento das políticas de emprego e a de dependencia, cuxo impacto suporía para Galicia unha perda de 91 millóns de euros anuais adicionais.

En total, o mantemento do actual sistema de financiación pero sen as aportacións de Cataluña implicaría para Galicia unha minoración dos seus recursos en torno aos 444 millóns de euros.

Neste sentido, o presidente da Xunta avanzou que “loxicamente, se outras comunidades autónomas, como Madrid ou Baleares, pediran o mesmo, estaríamos falando dunha cantidade moitísimo maior”.

#### **Vulneración dos principios constitucionais**

Segundo resaltou Rueda, ademais das cifras, o acordo tamén contén “complicacións xurídicas”. Así, incumpriría ata 16 artigos da Constitución Española, especialmente os que consagran os principios de solidariedade interterritorial e a potestade do Estado para garantilos; así como outros que se recollen na LOFCA (Lei Orgánica de Financiamento das Comunidades Autónomas), a norma orgánica que regula as relacións financeiras das comunidades.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta ruptura afectaría a todas as comunidades, alterando o sistema de financiamento e ás relacións financeiras das CC.AA. entre si e co Estado. Neste sentido, o texto lembra que a reforma do sistema de financiamento debe ser debatida no Consello de Política Fiscal e Financeira nun contexto de multilateralidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA UN NOVO PAQUETE DE AXUDAS POR IMPORTE DE 5 M€ PARA AS PEMES DO SECTOR FORESTAL**

- O obxectivo é mellorar a competitividade do tecido industrial forestal-madeira e das pemes galegas
- Estes apoios enmárcanse na Axenda de impulso forestal promovida pola Axencia Galega da Industria Forestal (Xera)

O Consello da Xunta aprobou hoxe un novo paquete de axudas por importe de 5M€ para investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais.

O obxectivo destes apoios é mellorar a competitividade do tecido industrial forestal, madeira e das pemes galegas. Neste sentido, esta nova convocatoria de axudas pon en valor o conxunto de recursos que atesouran os bosques galegos como son a madeira, a resina, a biomasa, así como tamén os equipamentos, maquinaria e as instalacións precisas para incrementar a competitividade da industria vencellada a toda a cadea de valor.

En total a convocatoria recolle cinco liñas de axudas: xestión forestal activa; madeira e biomasa; castaña e resina; valor engadido na primeira transformación da madeira; e plans e ferramentas de xestión empresarial.

Estas axudas enmárcanse na Axenda de impulso da industria forestal promovida pola Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), dependente da Consellería de Economía e Industria, e que nace coa finalidade de modernizar a industria forestal a través das demandas da sociedade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO DE MELLORA DA DRENAXE DAS ESTRADAS PO-550 E PO-504 EN MEAÑO E EN SANXENXO CUN INVESTIMENTO QUE ROLDA OS 465.000 €**

- O obxectivo é resolver os problemas detectados na interconexión entre as redes de pluviais e fecais destas dúas vías autonómicas nos estudos do Plan de saneamento local na ría de Arousa realizados por Augas de Galicia
- Define as obras para que a rede de drenaxe destas estradas, na súa zona de proximidade á ría, funcionen de modo independente da rede de saneamento
- O proxecto inclúe a continuidade da beirarrúa na marxe esquerda da PO-504 en Sanxenxo, entre os quilómetros 4+280 e 4+370, completando as accións xa executadas de mellora da seguridade viaria e peonil, cun investimento de máis de 1 M€
- Nos vindeiros días o proxecto de trazado someterase ao trámite de información pública, tamén para efectos expropiatorios, xa que se afectan 2 predios
- A previsión é aprobar definitivamente o proxecto a finais de 2024 e licitar as obras no ano 2025
- O Goberno galego promove así un proxecto coordinado que terá consecuencias positivas tanto para as estradas como para a calidade das augas

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á aprobación provisional do proxecto para executar a mellora da drenaxe das estradas PO-550 e PO-504 en Meaño e en Sanxenxo.

A actuación, que conta cun orzamento que rolda os 465.000 euros, ten por obxecto a resolución dos problemas identificados en estradas de titularidade autonómica pola entidade hidráulica da Xunta, Augas de Galicia, no marco dos estudos do Plan de saneamento local na ría de Arousa.

Froito destes estudos realizados por Augas de Galicia en relación cos problemas detectados na rede de saneamento e pluviais da marxe esquerda da ría de Arousa, conclúese que unha das zonas en que se debe actuar é na interconexión entre as redes de pluviais e fecais nestas estradas PO-550 e PO-504.

En concreto, identificáronse 10 puntos problemáticos, dous na PO-504 no seu tramo máis próximo á PO-550, e os outros 8 na propia PO-550.

A través do proxecto avaliado hoxe polo Executivo autonómico, a Xunta de Galicia ten como obxectivo desenvolver as intervencións precisas para que a rede de drenaxe das estradas PO-550 e PO-504 funcione de xeito independente da rede de saneamento na súa zona de proximidade á ría de Arousa.

Ademais, o proxecto aprobado hoxe provisionalmente, inclúe darlle continuidade ás distintas intervencións realizadas o pasado ano de mellora da seguridade viaria e peonil

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da PO-504, vía de 4,46 quilómetros de lonxitude que vertebra de norte a sur o concello de Sanxenxo, e ás cales se destinou un investimento de máis de 1 M€.

Trátase de completar a mellora da accesibilidade peonil no itinerario desta vía autonómica, que ten unha interrupción, entre os puntos quilométricos 4+260 e 4+340. Deste xeito, neste treito propónse a execución de beirarrúa na marxe esquerda da estrada permitindo a conexión entre o tramo anterior e posterior da mesma vía e mellorar a seguridade peonil, para o que é precisa a expropiación de 2 predios.

Tras o acordo hoxe do Executivo autonómico, nos vindeiros días someterase ao trámite de información pública o proxecto, por un prazo de un mes. Este é un trámite necesario para que os interesados poidan presentar suxestións, e tamén para efectos expropiatorios, xa que coa intervención se afectan 2 predios, cunha superficie de 324 m<sup>2</sup>.

A partir de aí os trámites administrativos continuarán coa análise das achegas recibidas, para incorporar ao proxecto aquelas que se consideren oportunas.

A previsión da Xunta é aprobar definitivamente o proxecto a finais de 2024 para poder realizar a convocatoria dos actos de levantamento das actas previas das expropiacións e licitar as obras no ano 2025. O prazo para acometer os traballos é de 12 meses.

O Goberno galego promove así un proxecto coordinado entre dúas entidades con obxectivos sectoriais diferenciados, como son Augas de Galicia e a Axencia Galega de Infraestruturas, e que terá consecuencias positivas tanto para as estradas autonómicas PO-504 e PO-550 como para a calidade das augas.

Exemplo dun dos puntos identificados nos que acometer a mellora da drenaxe:



Plano da nova beirarrúa na PO-504:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DÁLLE O VISTO E PRACE Á CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO DE EMERXENCIA, DO TRANSPORTE SANITARIO TERRESTRE NON URXENTE E HOSPITALARIO URXENTE NA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA**

- Será para o período comprendido entre o 1 de agosto e o 30 de setembro, data prevista do inicio do novo contrato
- Con esta contratación urxente a Xunta garante a prestación deste servizo esencial e unha asistencia completa e axeitada aos pacientes ata a resolución do actual concurso, tras a renuncia da actual empresa

O Consello da Xunta abordou hoxe, na súa reunión semanal, un informe da Consellería de Sanidade, polo que se dá conta da contratación, polo trámite de emerxencia, do Servizo de transporte sanitario non urxente, tanto ambulatorio como hospitalario, e o hospitalario urxente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, por un importe total de 1.015.632 euros, coa empresa Ambulancias de Pontevedra, S.L.

O contrato recolle o período comprendido entre o 1 de agosto e ata o 30 de setembro, cando que entrará en vigor o novo contrato licitado recentemente por 12,1 millóns de euros.

Con esta contratación urxente, a Xunta garante esta prestación esencial para dar unha asistencia completa e adecuada aos pacientes, logo de que a empresa que viña prestando estes servizos desde o ano 2021, notificase formalmente a imposibilidade de continuar coa execución do contrato por falta de liquidez suficiente para cumprir as súas obrigas cos traballadores e provedores.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APOIA UN CENTO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO E IMPULSO DA ECONOMÍA SOCIAL NO MARCO DAS AXUDAS A ENTIDADES ADHERIDAS Á REDE EUSUMO

- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe a resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración cun total de 23 entidades beneficiarias dun importe global próximo aos 655.000 euros
- O obxectivo das achegas é a promoción, visibilización e desenvolvemento da economía social mediante accións de formación, divulgación e asesoramento, fomentando o emprendemento e o emprego dentro desta fórmula económica sustentable e solidaria
- Con máis dun cento de entidades adheridas na actualidade, a Rede Eusumo foi impulsada pola Xunta para o fomento e o desenvolvemento da economía social, un ecosistema económico pegado ao territorio e que contribúe a fixar poboación

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a resolución da orde de axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que ten por obxecto que as entidades socias da Rede Eusumo realicen actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social. En concreto, resultaron beneficiarias un total de 23 entidades dun importe global próximo aos 655.000 euros, para levar a cabo 95 actividades (30 de carácter xeral e 65 específicas sobre distintos eidos).

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento e o desenvolvemento da economía social que non deixou de medrar desde a súa creación. Con ela, procúrase o fomento do espírito emprendedor prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social.

A finalidade das achegas que se veñen de resolver é a promoción, visibilización e desenvolvemento da economía social a través de accións de formación, divulgación e asesoramento, fomentando o emprendemento e o emprego no marco desta fórmula económica sustentable e solidaria centrada nas persoas, pegada ao territorio e que desenvolve fundamentalmente actividade local que fixa poboación no rural.

#### **Accións subvencionables**

Ao abeiro desta orde de axudas, fináncianse actividades de divulgación da economía social como charlas, xornadas, conferencias, simposios ou visitas formativas, así como calquera outra acción promocional que fomenta o cooperativismo e a economía social.

Tamén son subvencionables os estudos, informes, traballos de investigación, manuais, guías, unidades didácticas ou similares, sempre que sexan inéditos. Ademais, sufráganse actividades de asesoramento e acompañamento como encontros de *networking* e accións formativas como cursos e obradoiros.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Canto ás actividades específicas que se poden apoiar, prevese que se centren na economía dos coidados, no sector agroalimentario, na economía circular e xestión de residuos, nas enerxías renovables e transición enerxética ou na aplicación das novas tecnoloxías e intelixencia artificial. Tamén en actividades do sector industrial, das industrias culturais ou relativos ao transporte e á mobilidade.

### **A Rede Eusumo**

A Rede Eusumo incrementouse desde 2022 nun 4,1%, e ten actualmente un total de 102 entidades adheridas. A través dela, préstase apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social, póñense á disposición das persoas e entidades interesadas medios para o emprendemento entre os que se inclúen as instalacións para albergar o inicio de proxectos empresariais de economía social e impúlsase o modelo empresarial no ámbito local a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego na economía social.

Cómpre engadir que a Rede Eusumo pode estar integrada por asociacións de entidades de economía social; os concellos de Galicia, áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios e consorcios locais; as cámaras de comercio; as universidades e as fundacións e asociacións, así como polas organizacións profesionais, empresariais e sindicais.